



O papel  
da mulher  
na música  
galega

# ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Ana Kiro.....	4
3. Sés.....	6
4. Ugía Pedreira.....	15
5. Uxía Senlle.....	21
6. Lucía Pérez.....	26
7. Luz Casal.....	30
8. Mercedes Peón.....	32
9. Guadi Galego.....	37
10. Susana Seivane.....	42
11. Leilía.....	44
12. Rosa Cedrón.....	45
13. Pili Pampín.....	47
14. Najla Shami.....	48
15. Malvela.....	49
16. Enquisas.....	52
17. Conclusión.....	62
18. Bibliografía.....	63

# Introdución

A música galega pode definirse dunha maneira moi sinxela: A música coa que se identifican os galegos. Pero que pasa se buscamos a definición en Google? O único que atopamos é música tradicional ou música celta. Falsos mitos.

Decimos facer este traballo porque somos galegas e sentímonos moi orgullosas do noso pobo e da nosa música. Tamén porque consideramos que hai que romper os estereotipos que se poñen sobre Galicia. Non so hai muñeira e música tradicional, aínda que iso si o hai é moi bo. Que existen moitos tipos de música galega é o que queremos demostrar neste traballo, traballo feito dende o agarimo e a admiración cara á nosa música e cara ó noso.

Para nós o mundo da música hai un tempo era completamente descoñecido. Pero, por sorte, o destino decidiu poñerse da nosa parte e darnos un pequeno empuxonciño para velo máis ao fondo. A razón principal que nos levou a interesarnos por este mundo foi Sés, conseguiu que nos adentráramos nas súas letras e na súa voz, e de aí chegou a nosa paixón Chegamos a coñecela e ese día converteuse, sen dúbida, nuns dos intres máis intensos e emocionantes das nosas vidas. Ademais, grazas a ela, a nosa amizade fíxose máis forte, e por eso queremos facerlle esta pequena homenaxe. A partir de aí comezamos a indagar no mundo da música en Galicia, da súa tradición...e descubrimos voces que nos levaron a percorrer os escenarios da zona en busca de galegos e galegas que se esforzasen en facer coa música galega algo digno e de mostrarlle ao mundo. O resultado para nós foi moi satisfactorio e esperamos que tamén o sexa para todos os que o lean.

Por outro lado escollimos a muller porque nos parecía máis representativa, xa que, a pesar de estaren no século XXI, os dereitos das mulleres seguen sen estar o presentes que deberían, e, aínda que moitos queiran pechar os ollos ante este feito, nós non. Isto foi o que nos levou a facer una enquisa para saber a opinión da muller na sociedade e sobre todo na música, neste caso.

Esperamos que disfrutedes do noso traballo coma disfrutamos nós facéndoo.

As autoras

# ANA KIRO



O seu nome orixinal é **María Dolores Casanova González**, e é nada en Arzúa. Comezou a súa carreira musical en Barcelona, pero en galego. Aínda que sempre foi unha afección, cando se divorciou do seu marido, foi cando decidiu adicarse á música por completo para sacar adiante a súa familia que tanto a apoiou no seus malos momentos. O momento no que lle tocou vivir un cancro de ovarios que acabou coa súa vida. O seu álbum "Galicia, terra meiga" (canción popular que lle dá o nome a un dos seus álbums) fixo que dese o salto a países de Europa como Suíza, América, Alemaña e Francia, entre outros. Tivo tamén moitas participacións televisivas como presentadora no talk-show "Toda unha vida" ou en "Tardes con Ana" e fixo de actriz na serie "A miña sogra e mais eu". A pesar da súa enfermidade, nunca deixou do lado o mundo da música. Foi unha muller loitadora ata o último día.



Algúns dos seus álbums son:

- Galicia terra meiga
  - Ana Kiro
  - Recordando a Galicia
  - Canta a Galicia
  - Nadal e cousas galegas
  - Homenaxe aos emigrantes
  - A miña aldea
- 
- Unha emigrante máis
  - Barqueiro
  - Galega traballadora
  - Vivir na Coruña (de onde é a canción que escollimos para o noso comentario)
  - Recordo a Pucho Boedo
  - Pídechas o corpo
  - Arrastráche-lo cu polas pallas
  - Coa miña xente
  - Toda unha vida

A continuación, comentaremos unha das cancións máis famosas que ela ten.

### **VIVIR NA CORUÑA** (Ana Kiro)

*Se me deran a escollere  
Eu non sei que escolleria  
Se me deran a escollere  
Eu non sei que escolleria  
Se entrar na Coruña de noite  
O entrar noite o de día  
SE ENTRAR NA CORUÑA DE NOITE*



*O ENTRAR NOITE O DE DIA  
VIVIR NA CORUÑA QUE BONITO É  
ANDAR DE PARRANDA E DORMIR DE PÉ  
E DORMIR DE PÉ E DORMIR DE PÉ  
VIVIR NA CORUÑA QUE BONITO É  
Eu tralgo unha canción, que canto con amor  
Para ti de la cidade de cristal  
Comati nona ha,i mirando cara ao mar  
Por eso che fixeron ao cantar  
VIVIR NA CORUÑA QUE BONITO É  
ANDAR DE PARRANDA E DORMIR DE PÉ  
E DORMIR DE PÉ E DORMIR DE PÉ  
VIVIR NA CORUÑA QUE BONITO É  
A Coruña é a cidade onde nadie é forasteiro  
A Coruña é a cidade onde nadie é forasteiro  
Entra todo aquel quechlega agarimo verdadeiro  
Entra todo aquel que chega agarimo verdadeiro  
VIVIR NA CORUÑA QUE BONITO É  
ANDAR DE PARRANDA E DORMIR DE PÉ  
E DORMIR DE PÉ E DORMIR DE PÉ  
VIVIR NA CORUÑA QUE BONITO É  
Eu traio unha canción, que canto con amor  
Para ti ve-la cidade de cristal  
Coma ti nona hai, mirando cara ao mar  
Por eso che fixeron ao cantar  
VIVIR NA CORUÑA QUE BONITO É  
ANDAR DE PARRANDA E DORMIR DE PÉ  
E DORMIR DE PÉ E DORMIR DE PÉ  
VIVIR NA CORUÑA ...  
QUE BONITO É*

#### **Comentario persoal :**

Esta é unha das cancións máis coñecidas de Ana Kiro, que percorreu todas as festas de Galicia tanto nos seus anos como hoxe en día, pois transmite alegría e ganas de levantarse e poñerse a cantar. Fálanos da cidade da Coruña, dos seus días e as súas noites, e do mar que refresca a cidade e lle da unha imaxe tan limpa e fermosa, e por último, da xente que alí vive, á que se atopaba moi unida Ana, pois ela naceu e morreu na provincia da Coruña, e a pesar de alcanzar o éxito no extranxeiro, nunca olvidou a súa cultura e a súa terra, e soubo cando volver para brindarnos todo o seu talento con cancións tan bonitas coma esta, postas na voz dunha muller espectacular.



# SÉS



Cantautora galega con nome de nacemento **María Xosé Silvar Fernández**, nada en Bergantiños o 12 de novembro do 1983. Dende pequena, formouse no baile e na música tradicional galega, pero nunca parou de esforzarse e dar o máximo para conseguir ter todos os coñecementos posibles sobre os temas que a ela lle interesan. É licenciada en filoloxía galega e en antropoloxía social.

Comezou a súa carreira musical cando en 2007, xunto cuns amigos, creou un grupo de música "Chámalle Xis", grupo no que conseguiu gañar premios como A Coruña Son.

En 2010, Airapro fixouse nela para gravar tres maquetas, "Tola tras de ti", "Se te vas" e "Admirando a condición", ditas maquetas están no seu primeiro disco en solitario, que saíu á luz no 2011, ao que lle dá nome esta última canción nomeada.

No 2013, e para a súa sorpresa, chegou o seu segundo disco, "Co xenio destrozado". Aquí, adícalle unha canción a súa nai, "Se non podó ir onde ti estás".

Sés, que así é o seu nome artístico, está moi ligada á súa familia, á súa terra, ao seu idioma, á súa cultura, e ao que arrodea Galicia.

A súa fama, non so en Galicia, senón tamén polo resto de España, e por algún que outro sitio deste pequeno mundo ao que pertencemos, non se debe soamente á súa maneira de cantar, senón tamén á súa autenticidade no escenario que comparte con Tito Calviño, con Fran Sanz, con Marcos Pazo e coas "Lucías", e á maneira que ten de dicir e de contar as cousas que suceden día a día por todos os recunchos do mundo, de dar a súa opinión dunha maneira directa, clara e concisa.

Este último ano, sacou un novo disco titulado "Tronzar os valos", dito disco está sendo estreado por toda Galicia. Un disco cheo de verdade, de emoción, de forza, de alegría, e de motivación.

Para realizar este traballo, contamos coa axuda desta gran artista con moita influencia no panorama musical galego, Sés. Esta nosa autora que nos concedeu esta exclusiva entrevista que transcribimos a continuación. Grazas Sés pola entrevista e sobre todo por existir.

## Entrevista:

**Andrea, Belén:** Na túa mocidade, que proxectos de futuro tiñas?

**Sés:** Eu quería ser profesora de lingua e literatura galega. Era o que quería ser.



**AB:** Quenes son os teus exemplos a seguir?

**S:** Pois mira, hai moitos. Kafrune, Victor Jarra, cantores de todas as épocas, e agora gústame moito o que fixo sempre Mercedes Peón, que soubo ser o que ela era, nacer onde naceu, no tempo no que naceu e estar orgullosa, ser auténtica e ser única. É unha muller que leva orgullo e talento a donde queira que vaia.

**AB:** Por que en galego?

**S:** Porque son galega.

**AB:** Sendo muller, cres que tiveches máis ou menos avantaxes?

**S:** Creo que tiven por un lado moitas máis dificultades, pero por outro lado o feito de ser muller, fixo que me educasen con moitas máis esixencias e que eu desenvolvese máis capacidades. Entón, por un lado, é unha desventaxa, moito máis difícil; pero por outro lado, considero que temos moita valía porque sabemos facer moitas máis cousas e moito mellor, e loitalas e queixarnos menos.

*(Sés cos seus músicos)*



**AB:** Como te acolleron fóra de Galicia?

**S:** Moi ben, uf, moi ben moi ben. Igual, só que sen preconceitas. Dalles igual o que cante, só que lles gusta se te subes ao escenario, o fas ben e petas, e pónense aos teus pés cantes no idioma que cantes, en inglés, en suajili, ou no que sexa. Moi ben, en todos os sitios.

**AB:** Cres que os dereitos da muller evolucionaron nos últimos tempos?

**S:** Non, ao contrario, non evolucionaron. Os recortes sociais fixeron que ocupara o posto de traballadora gratuita non remunerada que tivo sempre. A ser asistencia social, cociñeira, ama de casa e cuidadora de anciáns e enfermos, todo iso gratis. Ademais diso, dunha situación laboral penosa, leva consigo consecuencias sociais que fan que a muller volva a acatar o rol de dominada, de sumisa, e que sexa o prototipo de muller que moitas nenas queren ser. Una muller que non se guste a si mesma, xa non ten un criterio formal para gustarse a si mesma porque non a educaron para iso, senón para gustar aos demais e para vivir traballando gratis e calada.

AB: Por parte da túa familia, que apoio tiveches?

S: Moito, moitísimo. Eu sorprendinme porque o día que decidín grabar o primeiro disco, ofrecéranme varias produtoras; nese momento estaba esperando o doutoramento e tamén quería facer unha bolsa na universidade, traballar alí e tal. Entón miña nai... Eu díxenlle “mamá, que opinas? Podo grabar un disco ou podo traballar na facultade” e en vez de dicirme “mira, déixate de historias, traballa no que levas estudando toda a vida”, pois díxome “bueno, ti cando máis feliz es é cando cantas, entón: canta. E se sae mal, para o outro vas ter tempo” porque eu sempre seguín estudando, sempre, todo este tempo.

AB: Pensaches nalgún momento renunciar?

S: Non, eu sempre digo unha frase, non sei onde lin que “loito desde a desesperanza, pero sen contemplar nunca a deserción”.

AB: Existe discriminación cara a muller no mundo da música?

S: Moitísimo, esaxeradamente.

AB: É difícil romper os estereotipos?

S: Non, se es quen es ti realmente. É difícil romper os estereotipos porque é difícil ser un mesmo. Hai que saber renunciar a gustarlle a todo o mundo, porque a xente vaite criticar, vaiche intentar facer moitas cousas e moi malas. Pero se tes orgullo de quen es e tes claro que na vida o importante é a cultura, o respecto, o honor e tal, e tes un grupo (como teño a sorte de ter eu) de amigos que me queren un lote desde pequeniña é fácil. Se es quen es, rompes os estereotipos.

AB: Compós as cancións ti soa ou con outras persoas?

S: Non, eu compoño soa. Agás unha canción do novo disco. Estabamos na casa tomando cañas e púxenme a cantar sobre esa música e saíu unha canción que a primeira do disco novo.

AB: Onde buscas as inspiracións?



S: Búscame ela a min, porque entre a vida que teño, coma vós, que vos gusta unha persoa, e gústalle, non lle gustas, as cousas que ves na rúa, un día que estás vacilando a todo o mundo e saen cancións como “Tola tras de ti”, é unha cousa simpática, que non ten máis pretensión que facer bromas, porque a min gústame moito rirme e facer rir aos demais. Eu creo que como é o meu xeito de expresarme en todo hai unha canción. Desde ler un poema que me suxire un sentimento brutal e compós unha canción... En todo hai algo que contar.

AB: Baséaste ás veces nos teus sentimentos ou procuras non facelo?

S: Non, sempre, sempre nos meus sentimentos tanto individuais como colectivos. Cando vexo a desesperación da xente, por exemplo... Eu non me pododo queixar da miña situación actual, porque vivín momentos peores. Agora mesmo teño unha situación desproporcionadamente afortunada: vivir do que me gusta, ter á miña familia sana, temos a unha persoa cercana así algo enferma, pero ese é o único problema que eu sinalo como problema, a saúde. Moitas veces o meu descontento non é pola miña vida en concreto, o que pasa é que eu non pododo ser feliz se a xente que teño ao meu redor non é feliz e non ten para comer.

AB: En que pensas primeiro, na música ou na letra?

S: Un pouco as dúas cousas a un tempo. Incluso cando compoño unha letra, xa lle teño a música, xa canto. Nalgunha ocasión me pasou cantar algo tendo a música na cabeza, collo a guitarra, quero poñerlle outra música e xa non pododo.

AB: Que cancións, das que tes, é a que máis te emociona?

S: Emocíoname moito ‘Tronzar os valos’, ‘Non son fada’ e tamén ‘Boto en falta unha ilusión’. Esta última escribina para un tipo que é de verdade, que existe; ademais, o día que a cantei por primeira vez el estaba no público, ao final é a verdade. Por iso creo que a xente se identifica, porque todos pasamos esos momentos, e vós pasaredes momentos así. Oxalá non, pero si, porque hai que vivir.

AB: Música galega ou portuguesa?

S: Galega.

AB: A que idade te decantaches pola música galega?

S: Desde sempre fixen baile tradicional, desde os cinco anos. E de feito na miña escola a música da campana era a muiñeira do Areal de Milladoiro. Entrabamos e saíamos ao recreo así.

AB: Cres que os teus achegados influiron nos teus gustos musicales?

S: Si, claro. Meu pai, sen estar (cando tiña 7 anos meu pai morreu) influíume moito, xa que, para coñecelo, herdei os seus discos, e como meus avós viviran na década dos 60 nos arredores de Londres, el escoitaba rock & roll e blues. Empecei a escoitar moi nova a Janis Joplin, Bob Dylan... Influíume mogollón. Eu case non escoitei música dos 90, que é a miña. Cando todo o mundo escoitaba Nirvana, eu escoitaba a Janis Joplin, que había moitos anos que morrera xa.

AB: Na túa casa escoitase a túa música en CD ou xa a interpretas ti diariamente?

S: Na miña casa? Que bah, eu non teño os meus CD's. Cando me din que poña unha canción, póñoa en Spotify. Non me escoito, claro. Cantar sempre cantei desde sempre, cantaba aínda máis que agora; desde as oito da mañá, poñíame a mexar e cantaba. E miña nai dicía "calarás Sés dunha vez?".

AB: Gustaríache dar o salto e facer xiras polo resto do mundo, ou prefires quedarte na terra?

S: Son cousas completamente compatibles. Se me quedo, sigo tocando e a xente lle gusta xenial; se saímos, como estamos facendo agora, que nos chamaron a Alemaña para un festival, pois ben. A nós chamáronnos coma outro grupo calquera, non é impedimento o galego. Fomos a Lisboa, a Inglaterra, a Madrid, a Euskadi, a Cataluña, fixen unha xira por Arxentina con Budiño (como cantareira súa)... Se podo seguir xenial, se non podo non pasa nada. Pero a priori, si que me gustaría moito cantar en América latina.

AB: Repercutiu na túa forma de ser a fama?

S: Si, fixenme moito máis tímida. Aínda que pareza mentira, era máis extrovertida. Ao mellor chegaba a un garito de alí da Coruña e decía "veña, chegou a festa!", entón todo o mundo se ría e dicía "que simpática esta tía, que non a coñecemos de nada". Agora claro, non podo facer iso, porque me dirían "esta que se cre, que pasa, que como é Sés...". Acórdome que hai pouco tempo tiña unha tendinite (porque eu fago deporte), deitábame na cama e choraba, pero choraba de verdade... Eran as seis da mañá, miña avoa durmindo e eu voume para urxencias. Total, que levaba unha pinta, o rímel corrido... Non me queiras nin ver. Entón o tipo di "María Xosé Silvar, pase, pase. Quita os pantalóns, remanga as bragas...". Estaba el tocándome aí e dime "gustáchesme moito nos concertos de Radio 3". Eu púxenme vermella... Podía esperar a que puxera as bragas ben. Creo que isto lle pasa a moita xente que eu coñecín do mundo da música. Outra anécdota fatal foi cando fun á foliada e vén alí a tía da asociación e me di "en nome da asociación queremosche dar as grazas por vir". Eu quedeime avergoñadísima alí, que che dean as grazas por ir de festa... Pois dáche vergoña. Ti eres ti, comes contigo, bebes contigo, mexas contigo e cagas contigo.

AB: Cal cres que é o motivo principal do teu éxito?

S: A autenticidade. Que es de verdade e a xente o ve. Home, haberá quen desconfie, pero á xente que lle guste verá que son unha persoa normal, e que, ao ser unha persoa normal, son como es ti. Se ti es auténtico, es único. E se aínda por riba, sendo auténtica, defendes certos valores que non se defenden (estudando e iso...) tes que despuntar por collóns entre todo o que hai agora.

AB: Ata que punto cres que pode influir nos nenos con algún problema físico ou psíquico a música?

S: Uf, moitísimo. Eu coidei a unha nena por etapas así que era autista, ademais cun autismo moi elevado, cunha funcionalidade dunha nena de dous anos, tendo 12 anos. Pero cando eu lle cantaba... empezábase a rir e a aplaudir... Encantábame.

AB: Pareceche normal que o ensino actual elimine as expresións artísticas?

S: A min non me parece normal o ensino actual.

AB: Que che parecen as iniciativas como Cantos na Maré?

S: Parécenme moi necesarias, sobre todo para dignificar a nosa cultura e que se vexa que o rexeitamento cara a nosa cultura é unha cousa da ignorancia e do descoñecemento. Porque as persoas que realmente teñen a cabeza amueblada están orgullosísimas de cantar na nosa lingua ou en calqueira outro dialecto lusófono.

AB: Que artistas cres que están axudando ao desenvolvemento da música galega?

S: Eu sempre digo os mesmos, son moi sincera. **Leo i Arremecaghona** é un cantautor de Santiago que é boísimo que axuda moito tamén ás rapazas e aos rapaces. **Mercedes Peón** para min é unha muller exemplar, que se subiu sempre ao escenario a cantar e nada máis e a dignificar a nosa cultura. Diríache **Ugía Pedreira e Marful**, para min é unha inxección de calidade, de mensaxe, de poesía, de lirismo nas letras, de actitude, de orixinalidade que está á altura de calquera. E agora mesmo, os punkis, que hai chavales de 20 anos por aí que collen unha guitarra e se poñen a cantar en galego; hai uns chavales de Burela que se chaman "**Escolma**" que son o máis auténtico que hai. Eu un sábado calquera prefiero ir a velos a eles que ir a ver a calquera outro que cobra oitenta euros por unha tapa. E realmente o que fai falta é autenticidade, porque nos garitos os rapaces da vosa idade e un pouco máis maiores están collendo o ritmo. E dá igual que vivas máis ou que saibas menos, o importante é que fagas arte, que te expreses coa música. Gústame moito a xente así, creo que é a xente que máis está facendo pola nosa lingua.

**Comentario sobre unha canción:**

**NON SON FADA (SÉS)**

*Se teórica é a causa,  
práctica é a consecuencia.  
Non quero asumir ausencias  
nin chorar para partir.  
Comer e deixar que comas,  
vivir e deixar que vivas,  
loitar se a loita é precisa  
e rir se é preciso rir.*

*Non son fada nen princesa a quen mirar.*

*Non sei cobrar cando estimo  
nen dou se non quero dar,  
quero falar e falar  
sen dar nada por ouvido.  
Camiñar cos pés no chan  
negar deuses asasinados,  
non crer sen ver, dudar,  
confiar só nos sentidos.*

*Fanme rir porcos de pé,  
contemplo olvido e memoria.  
Só forxa patrias a historia,  
fabríqueas quen quixer.  
Cuspo enriba do papel  
que mutile a identidade,  
viro as costas ás vaidades,  
deséxolle a morte aos reis.*

**Comentario persoal:**

Non son fada, é unha das cancións máis famosas que ten Sés, e que máis deu que falar pola maneira que ten de expresar os sentimentos e a realidade. A mísera realidade que a muller ten que vivir en

pleno século XXI, realidade que se ten que desfacer en canto antes, porque se ninguén pon da súa parte, nin se dá conta das cousas, como Sés fai diariamente, nunca se van solucionar os problemas que estamos a vivir. Escollo os seguintes versos da canción polos motivos que explico a continuación:

“Contemplo olvido e memoria”, xa que hai veces que é mellor deixar pasar, e observar o pasado, pasado recente ou ben pasado lonxano, pero olvidar, aprender a olvidar, e a perdonar, porque senon é imposible conseguir a felicidade pura.

“Nen dou se non quero dar”, como galegas e mulleres que somos, ninguén ten dereito a obrigarnos a facer algo que non queremos, nin manipularnos á maneira que a xente queira, por moito que o intenten. Que como Sés di “temos dereito a facernos de roghar”.

No enlace que engado a continuación, un interesante vídeo sobre as mulleres que marcaron a historia da humanidade, acompañados da fermosa sintonía de María Xosé Silvar Fernández.

<https://www.youtube.com/watch?v=9qvSk7ukKc>



(Portadas do primeiro e segundo disco de Sés)



(Portada do último disco)

Ademais tivemos a sorte de contar coa súa visita a o noso centro de maneira altruista para facernos unha idea dos conceptos clave do feminismo e da sexualidade, importantísimos neste traballo. O mellor foi que serviu para abri-lle os ollos a algún que outro que pensaba que o noso mundo era

perfecto, dándose así conta de que os problemas están moito máis preto do que pensaban. Sen dúbida foi unha visita xenial, coa que aprendemos moito e ademais nos divertimos. Moitísimas gracias Sés.







# UGÍA PEDREIRA

## Biografía:

O seu nome real é **María Eugenia Pedreira Sanches**. É unha cantante galega nada en Vilaronte, un pequeno pobo de Foz. Foi a creadora do Conservatorio de Música Tradicional e de Folque de Lalín.

Participou durante moito tempo no grupo musical “Marful” que abandonou o verán pasado por motivos persoais. Con Marful sacou dous discos, un titulado *Marful*, no 2006, e anos despois, *Manual de sedución*. O comentario de canción é desta banda na que ela participaba.

Estudou psicoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, aínda tendo claro cal era o seu soño de verdade: cantar.

Comparte a súa vida co gran Pierrot (músico francés), co que compón parte das súas cancións.

Como Sés, tamén Uxía nos prestou un pouco de axuda respostando as seguintes cuestións. Grazas pola túa colaboración.

## Entrevista:

**AB: Andrea, Belén**

**U: Ugía**

**AB:** Na túa mocidade, que proxectos de futuro tiñas?



**U:** Pois acórdome unha vez que comecei a tocar a guitarra e compoñía cancións así de maneira natural. Pois supoño que como unha nena á que lle gusta bailar, pois eu escribía e cantaba as miñas cancións. Lémbrome unha vez que íamos cunhas amigas alí á Chousa e dicíame unha "Ai, ti vas ir a Eurovisión" e eu lle dicía "Non, eu vou facer discos". E é así, agora fixen oito discos.

**AB:** Quenes son os teus exemplos a seguir?

**U:** Non teño, nunca tiven. Gustoume moita xente, e escoitas música, gústanche as voces por cada timbre, persoas que teñen unhas letras interesantes. Pero digamos que ídolos nunca tiven.

**AB:** Por que en galego?

**U:** Porque é o máis natural para min. É a lingua na que reflexiono, na que soño, coa que penso, coa que falo... Entón tamén teño que recoñecer que teño moita composición en español porque, aínda que non a fale habitualmente, é unha lingua que tamén pratico. Últimamente tamén teño composición en francés, porque, aínda que non o fale, teño ao meu compañeiro que é bretón e tamén a súa familia; o francés sempre foi unha lingua que estudei e que me interesou, pero claro, o galego vai mamado, e se vai mamado vai sentido.

**AB:** Sendo muller, tiveches máis ou menos vantaxes?

**U:** Para cantar en Galicia bastantes máis vantaxes, porque hai unha tradición moi forte feminina detrás, na que eu estou coma nun tren, é dicir, hai unha expresión de música feminina moi grande e eu son unha máis. Digamos que profesionalmente o oficio non é só cantar, leva a parte de atrás, a parte do negocio, leva a parte do diñeiro, a venda de concertos, a venda de discos. Aí xa non é unha cuestión de ser muller ou ser home, senón do teu carácter, do boa persoa que eres, de por que cantas e por que cantas para o público, porque podías cantar na casa. Realmente ti queres chegar ao público con eso. E ultimamente o máis importante é saber por que eu fago isto dalgunha maneira. Por iso agora tamén estou nun descanso persoal para analizar un pouco a miña situación. Levo cantando dende os 14 anos, e non parei nunca e hoxe estou aquí por amor, porque o organizador do evento é amigo meu dende hai 20 anos, porque Pomba do Arco é a primeira asociación na que estiven e porque estou a tres minutos da miña filla.

**AB:** Como te acolleron fóra de Galicia?

**U:** Non vexo ningunha diferenza entre un lugar e outro. Quizais que aquí entenden mellor as letras, o que é a emoción e a expresión. É o mesmo que dicir que á xente lle toca o corpo, se a voz lle toca no corpo, da igual en que cantes.

**AB:** Cres que os dereitos da muller evolucionaron nos últimos tempos?

U: Bueno, últimamente estou un pouco cansa con esto da muller como se fora a vaca, as vacas, como se foran os mineiros; estou un pouco farta da categorización. Gustaríame que nun futuro o home se acercara máis a súa capacidade femenina e a muller explorara na súa capacidade masculina. Creo que se as mulleres se perden da intuición e do sentir da terra, eso fai que o home tamén se perda, porque o home non é nada sen a terra. El é a semente, e nós somos a terra. Entón, é indivisible isto. Creo que por moito que se dean vinte mil voltas á cabeza esos seres humanos van unidos, e van a ter que entenderse cada vez máis e mellor.

AB: Por parte da túa familia, que apoio tiveches?

U: Pois me meteron en aulas de solfeo e de música, creron un pouco na miña capacidade musical e apoiárona cando era pequena, cando non era perigrosa. Logo se converteu en perigoso, porque de facer as oposicións e traballar da miña licenciatura entreguei o título de psicoloxía e dixen que non me ía dedicar e adiqueime ao mundo da música. Entón, houbo un primeiro apoio de "oh, que interesante" , mais logo claro, todo isto foi o oficio.

AB: Pensaches nalgún momento renunciar?

U: Non, porque forma parte da miña saúde mental cantar. Creo que agora máis que nunca sei que a música debера ser totalmente saudable nas escolas, porque aparte de conectar mellor os hemisferios, axuda en xeral ao corpo e evidentemente á alma. Entón non podo renunciar á música. Quizais agora de toda esta forma de negocio (dos fans, do Facebook, do disco e tal), de todo iso si.

AB: Existe discriminación cara á muller no mundo da música?

U: Non, está visto que para a maior parte da xente que canta en palco... non. Hai moi poucas mulleres que sexan instrumentistas, técnicas de son, e hai moi poucas que dirixan unha discográfica. Pero no palco é xenial ver a unha tía, e se é guapa moito mellor. Todo isto estoucho dicindo ironicamente. Ser intelixente ou tocobolas é peor, pero bueno, tamén se se sabe vender porque existen unhas liñas de marketing moi potentes e agora mesmo temos todos acceso a elas. Entón pode estar unha muller guapa ou fea, intelixente ou non no contexto, no momento e ser vendible.

AB: É difícil romper cos estereotipos?

U: Eu vexo que si, que é difícil. Que á xente lle gustan os estereotipos, aínda que sexan nacionalistas correctos ou panfletarios. Estamos todo o mundo encasillado; e quen rompe os estereotipos tamén é pagado coa incompreensión. Eu vexo constantemente estereotipos por todos os lados. Actualmente estamos cheas de estereotipos (máis dos necesarios) e logo cada un é cada un, necesita comer e beber determinadas cousas, diferentes noutras persoas.

AB: Tiveches problemas por non responder ao modelo de cantante intranscendente que ás veces se busca no mundo da música?

U: Non, eu no mundo da música a verdade é que nunca tiveron moitos problemas en xeral. Tamén teño que recoñecer unha cousa, e é que fixen sempre o que me petou, o que eu necesitaba facer, cantei o que quixen cantar. Unhas veces con moito público, outras veces con ningún, outras supercargado e outras non. Mais estouche falando dunha necesidade miña de supervivencia.

AB: Compós as cancións ti soa ou con outras persoas?

U: Normalmente soa ou senón con algún dos músicos de Marful, tamén con Pedro teño feito cousas, e agora con Pierrot a cousa vai de acordes e sons, o mundo armónico; mais normalmente soa.

AB: Onde buscas as túas inspiracións?

U: Non as busco. Supoño que é como ir comendo diferentes cousas e vas tendo culturas de sabores; entón vanche quedando esos sabores para cando ti cociñas. Pois isto é un pouco igual, vas escoitando música e escoitando á xente falar do que pasa no mundo, no teu contexto e poste a escribir. É como que cagas (literalmente) o que comiches. Moi orgánico.

AB: Baséaste ás veces nos teus sentimentos ou procuras non facelo?

U: Non, é imposible, eu non son outra cousa. Bueno, realmente creo que non somos máis que eso. Creo que somos uns animais con patas cargados de emocións e sentimentos. Que non os botas para fóra? Xa se encargará o corpo de que che doia algo.

AB: En que pensas primeiro, na letra ou na música?

U: Ás veces na letra, ás veces na música. Ou ás veces nas dúas cousas xuntas, non sei.

AB: Das cancións que tes, cal é a que máis te emociona?

U: Pois mira, é unha gran pregunta esta, que nunca me fixeron. Pero hai unha canción que leva moitos anos comigo, con Marful. Compúxena na casa, con gripe, cos meus acordes á guitarra como puiden e tal. Logo, pasou a Marful e é a única canción que repetimos dende os dez anos que levamos xuntos. Chámase 'Seica' e a letra é de Anxo Quintela e a música púxena eu, pero cada vez que a canto é a única canción que a min mesma me remove os intestinos.

AB: Música galega ou portuguesa?

U: Galega, claro.

AB: A que idade te decantaches pola música galega?

U: Non sei, pero ao mellor tiña doce anos. A min impactoume moito a voz dunha das compoñentes de **Fuxan os Ventos**. Quedeime impactada coa súa voz e a partir de aí empecei a investigar que era esto.

AB: Cres que os teus achegados influiron no teu gusto musical?

U: Si, si, os amigos. Sin lugar a dúbidas. Chegamos a estar conectados e vamos falando de moitas cousas que nos gustan, que non nos gustan... E a Mariña, a Mariña influíu principalmente no meu entender musical. A visión dende o meu horizonte a Mariña paréceme unha gran cidade cosmopolita que vai dende Ribadeo ata Viveiro, pasando por Mondoñedo. É unha metrópole enorme que ten miles de posibilidades. Paréceme un dos sitios máis adiantados en moitas cousas.

AB: Na túa casa escoitase a túa música en CD ou xa a interpretas ti directamente?

U: As dúas cousas. Pero ultimamente coa miña filla escoitamos música por un tubo. Bebe moitísima música, ten parálise cerebral e a música axúdalle a vivir mellor.

AB: Gustaríache dar o paso e facer xiras mundiais ou quedar na túa terra?

U: Agora mesmo prefiro quedarme na miña casa ou preto dela. Pero quizais dentro duns anos, se teño algo moi potente que dicir, llo diría ao planeta.

AB: Repercutiu na túa forma de ser a fama?

U: Eso da fama eu non mo creo. Nunca me baixou nin me subiu, simplemente non mo creo. Si que hai xente á que lle puideron axudar as miñas cancións vale, pero a memoria é moi traidora. Entón o que é agora mesmo está en ti e mañá non está. A memoria é moi traidora e o presente é outro.

AB: Cal cres que é o motivo principal do teu éxito?

U: É unha palabra que na música galega, puf, non sei. Non sei nas outras tamén. Durante un tempo hai xente á que lle gustan as cancións e a maneira de facer e de ser coñecida no sector. Non creo nesas palabras.

AB: Ata que punto cres que pode influír nos nenos cun problema físico ou psíquico?

U: É curación pura e dura. Axuda a nivel cerebral, pódete axudar a falar, pódete axudar a mellor concentración, a mellorar o ritmo, á coordinación dos movementos... moitas cousas.

AB: Paréceche normal que o goberno elimine as asignaturas artísticas?

U: A min paréceche que a sociedade está chea de persoas enfermas, chámense políticos. E para que unha sociedade sexa sana, ten que ter individuos sans. Entón, se nos toca un goberno insán... Creo que a nivel individual hai moito que facer para logo poder falar tamén de colectivos.

AB: Que che parecen as iniciativas como **Cantos na Maré**?

U: Cantos na Maré é un proxecto da miña amiga Uxía, e digo amiga porque adoro moito a esa muller. Une música e culturas lusófonas que de por si é normal que se unan porque son o mesmo idioma. Creo que é un dos proxectos máis bonitos que hai en Galicia, e ben que está cheo de proxectos lindísimos. Mesmo o outro día me enterei de esto da **Osa do Mar** de aquí de Burela, pareceume o mellor festival de heavy metal do mundo e está en Viveiro. Penso que en Galicia vamos sobrados de máis. É as veces o que ten que vives no paraíso e non sabes que estas nel.

AB: Que cantantes galegas cres que sobresaíron na música de todos os tempos?

**U:** Pois eu creo que case todas. Xa non recordo moito a historia da música galega pero digamos que **Pilocha** foi moi importante nos 70, **María Manuela**... Antes entendo que moitísimas mulleres totalmente descoñecidas dentro da súa bisbarra que cantaban e axudaban a levar mellor o oficio da sega. Nestas últimas décadas dos 90 hai mogollón. Non che nombro moitísimas porque hai vinte mil.

**Comentario dunha canción:**

***TRIS-TRAS (Ugía Pedreira)***

*Eu nom sei que tes nos olhos, que se me miras tu matas  
matas-me se pr'a mim ris, matas-me quando me falas.  
Meus olhos choram por ver-te, meu coração por amar-te  
meus pés por chegar a ti meus braços por abraçar-te.  
Desejava de te ver, trinta dias cada mês  
cada semana o seu dia e cada dia umha vez.  
Tes os olhinhos azuis inda agora reparei  
se reparara mais cedo nom amava a quem amei.  
Ai de mim que já nom podo cantar esta cantiguinha  
dim que o amor é tam cego que nom sabe de malícia  
durante os primeiros anos todo é rosa sem espinhas.  
Hã mulheres que lamem as latas como gatas  
se nom che chega este mundo fai-te astronauta  
ai mulheres valentes que ensinam os dentes  
ai mulheres que se pintam de caolim na Costa de Marfim di Rita  
Riveiro; ai mulheres altas, redondas, coloradas  
se nom che chega este mundo fai-te astronauta*

Esta é unha das cancións máis coñecidas polo público de Marful, ben sexa pola súa temática amorosa ou pola maneira tan fermosa que ten de expresar os sentimentos, visibles en cada palabra, cada verso e cada nota. A parte na que di 'Tes os olhinhos azuis inda agora reparei, se reparara mais cedo nom amava a quen amei' é moi significativa, pois fainos ver que algunhas veces atopamos algo que nos cambia a vida, e nese momento arrepentímonos do noso pasado, por moi tarde que sexa xa para remedialo. Como se pode observar, é unha canción que vai cargada, como a maioría das do grupo mencionado anteriormente e da súa cantante, á cal tivemos a oportunidade de entrevistar para darnos conta de que os sentimentos non só se expresan con actos, senón que se transforman en arte ao plasmalos sobre un papel, ou sobre unha voz tan potente como a de Ugía. Pensamos que é un canto a amar sempre, de verdade, erremos as veces que fora necesario, pero sendo una mesma...sen rexeitar nada, e se non o atopamos, busquemos noutros mundos,...é un canto a non rendirse nunca.



# UXÍA SENLLE



Uxía comeza no mundo da música cando presenta o seu álbum moi nova *“Foliada de marzo”*. Logo, gravou discos como *“Andando a terra”*, que está adicado ao escritor galego Manuel María, *“Rosalía pequeniña”*, *“Meu canto”*, entre outros. Vémola na foto nun dos seus concertos.

Ten proxectos como *“O cantar das mulleres”*, *“o cantar das galegas”*, *“Natal dos simples”*, *“Son Delas”* ou *“Cantos na Maré”*. Neste último citado, participaron artistas como Sés, Najla Shami, Marina

Seoane e Ainoa Calvo. Ademais de cantante, é crítica no [Diario Musical da Radio Galega](#) (os luns as 14:45) e cantante da familia Maria Fumaça, que cada Nadal estrea un disco en honor a Rui, o afillado desta, que é un neno da familia que sofre parálise cerebral.

Uxía, tamén colaborou con nós na entrevista que aparece a continuación. Moitas grazas, Uxía.

## Entrevista:

AB: Na túa mocidade, que proxectos de futuro tiñas?

U: Sempre quixen ser cantante, dende cativa, andaba na casa da miña avoa, sempre estaba subindo polas mesas cantando. Pensaba que tiña público, xa cantaba, despois estudiei filoloxía románica e tamén me gustaba moito a literatura, pero no fondo, sempre souben que eu ia acabar na música, unha paixón que non se pode esquecer, iso era o que eu soñaba.

AB: Quenes son os teus exemplos a seguir?

U: Son tantos!!!!, gústanme moitos!!!!. **Cesária Évora**, que morreu hai pouco, pero era unha muller que eu admiraba moito. Comezou moi tarde a súa carreira, unha muller moi auténtica e con moitas cousas que dicir. E moita xente, as miñas predecesoras, **M<sup>a</sup> Manuela**, os músicos deste país, son a miña inspiración. Tamén as miñas colegas **Sés, e Ugía**, que son as miñas queridas irmás no mundo da música.

AB: Por que en galego?

U: Considero que é unha lingua fermosísima, e é a nosa. E para expresar os sentimentos, o que somos, e o que sentimos, que mellor que usar a nosa lingua?, que ademais é unha lingua cunha historia brillantísima a nivel de literatura, de música, ...de todo.



(Uxía co seu disco "Rosalia Pequeniña")

AB: Sendo muller cres que tiveches máis ou menos avantaxes?

U: Creo que tiven menos avantaxes. A medida que foi pasando o tempo, en fin, foron diminuindo as dificultades, pero si, é complicado ás veces, o que pasa é que non me podo queixar, son muller de armas tomar, tamén é certo que unha ten que posicionarse, ser forte.

AB: Como te acolleron fóra de Galicia?

U: Moi ben, vou a Portugal, a Brasil, etc., e entenden perfectamente, a lingua non é unha barreira, lles dicía eu, é a chave coa que abrimos o mundo, sobretodo o mundo da saxofonía, que é un mundo moi próximo ao tema lingüístico, e nada máis, a linguaxe da música é universal, permítenos chegar a calquera lugar da terra, fai pouco estiven en Chile, Argentina, Uruguay, facendo unha xira dun mes. Non houbo realmente dificultades de comprensión, porque a música chega sempre, foi cunha xira que se chamaba "Os balados da Galicia imaxinaria".

AB: Cres que os dereitos da muller evolucionaron nos últimos anos?

U: Creo que si, pero hai moito camiño por andar, aínda que ser libre para moitas mulleres é preocupante, porque teñen que deixar a vida, ou sexa, cústalles a vida ser libres, entón, mentras sexa así, é complicado. Non quero dicir que teñamos que facer un traballo diario, de valorarnos, de posicionarnos, sempre a favor da igualdade, dos nosos dereitos e concienciar á xente, por suposto, da man dos nosos compañeiros que moitas veces tamén entenden esta loita e este camiño da igualdade, pero falta bastante máis do que parece, ou eu véxoo así, nas rapazas da vosa idade, os rapaces teñen un control sobre elas que non acabo de entender, eso faise moi doloroso... Non, cada un ten que ter unha independencia e unha posición moi clara con respecto ao que é.

AB: Por parte da túa familia, que apoio tiveches?

U: Pois todo, meu pai é músico e miña nai está no grupo Malvela, todas as miñas irmáns cantan, bueno, somos da gran familia María Fumaça. Son de alí, de donde eu nacín, entón, meu pai e miña nai sempre me apoiaron, toda a miña familia, e son o meu máximo apoio nos momentos difíciles, ao principio tamén me apoiaron moito, aínda que o meu pai pensaba que ía ser moi difícil o camiño da música, e fácil non é, pero podo dicir que levo, vai facer 30 anos na música, e vivindo dela, o meu oficio é o máis fermoso do mundo, e eles entenderon que era así, eles disfrutaban co que eu fago e tamén os involucro, porque eu son argalladora así de proxectos colectivos, e entón pois que remedio teñen que aturarme!, iso si, vótanse a tremer cando digo que teño unha idea, todos, ufuf!!!!, en que lío nos vai meter esta!!!!

AB: Pensaches en algún momento en renunciar?

U: Non, nunca, non se me pasou pola cabeza, tería que tolear ou algo así, ou non sei, tería que pasar algo realmente grave para non poder subir aos escenarios. É a miña vida en todo o proceso, dende gravar discos, subir aos escenarios, ata producir discos doutros, ata ser un cazatalentos, dirixir festivais como "Cantos na Maré". Todo iso forma parte do que son, pero o máis bonito sempre é o contacto, a xente que te escoita, a comunicación que se establece, coñecervos a vós e saber que ese fío vai continuar sempre aí, e iso é moi bonito, é moi difícil as veces noutras profesións que non teñen ese poder que ten a música de comunicar, de trasladar emocións, de facer que sintas cousas,

que para a xente, a música sexa unha especie de bálsamo que lles axude a levar mellor as súas vidas v en xeral.

AB: Existe discriminación cara á muller no mundo da música?

U: Un pouco si. Se te das conta, e analizas as programacións dos festivais, os ciclos, como está pensando o mundo da música. Aí sempre prevalece un mundo, digamos que masculino e patriarcal, eu creo que eso xa ten que mudar. En Galicia, por exemplo, somos moitísimas as mulleres que estamos na música, e as veces non coa suficiente visibilidade, por iso eu creo que ten que mudar, por outro lado, é inevitable que moitas estean consideradas nestes momentos como pilares fundamentais da música galega, iso é innegable. Si, hai problemáticas, pero tamén é certo, que somos tradicionalmente as transmisoras da palabra cantada, as nosas avoas eran as que tocaban as pandeiretas nas foliadas, as que transmitían todo ese saber tradicional, entón, a muller é fundamental para entender a música e a súa transmisión oral.

AB: Compós as cancións ti soa ou con outras persoas?

U: Depende, ás veces eu soa. "Rosalía pequeniña" compúxena eu soa ou con Magín, gústame moito compoñer con el. Compuxen tamén con Sergio Tannus, el pon, digamos o que é a armonía, e eu fago a melodía, porque me inspira a maneira de tocar del, toca moito mellor ca min a guitarra, digamos que entón, a melodía sae como máis rica, gústame moito, e logo de repente pode ser un acto solitario, un día necesitas escribir unha canción, contar algo e iso é un proceso máis individual.

AB: Onde buscas as inspiracións?

U: No que sinto no día a día, no meu entorno, na vida cotiá, no que nos provoca algún tipo de sensación, que logo queres contar e trasladar a unha canción,. Todo pode ser unha canción, das cousas máis lúdicas, de repente pode haber unha situación que che provoca moita risa, e iso podes levalo a unha canción, e sobretudo o amor e o desamor, eses sentimentos que moven montañas e que fan que compoñamos con desgarro, con alegría...

AB: Música galega ou portuguesa?

U: As dúas, as dúas. Teño unha forte predilección pola música portuguesa, gústame moito, moitas das miñas influencias son de alí, teño grandes amigos da música e síntome como na casa. Para min é un todo, como foi historicamente Galicia e Portugal, un só territorio que a min me provoca que tiña que haber máis proximidade, crear pontes, ese é un pouco unha das miñas vocacións, establecer unha ponte entre Galicia e Portugal, e sempre que se pode facer, quedo felicísima de poder axudar a ser unha especie de embaixadora da música galega alí, e tamén a que a xente coñeza aquí a música de Portugal.

AB: A que idade te decantache pola música galega?

U: Pois foi moi inmediato. Empecei a compoñer sobre poemas de Celso Emilio Ferreiro, Manoel Antonio, Rosalía, Curros... En fin, aí foi donde sentín a música e a poesía galega e tamén logo escribindo en galego, cando era moi nena, tamén escribía en castelán.

*(A familia María Fumaça en acción)*

AB: Repercutiu na túa forma de ser a fama?



U: Non, son a mesma, gústame moito poder ir ao cine, creo que teño esa sorte, só alguna vez pódeme incomodar por alguna razón inconcreta.

AB: Ata que punto cres que pode influír nos nenos con algún problema psíquico a música?

U: Moito, a música estímúlaos e axúdalles a desenvolver en todos os nenos e nenas a intelixencia. É moi importante a música no académico tamén. Na vida, en xeral, eu creo firmemente que a música é terapéutica en si mesma, no caso de Rui é alucinante. O outro día felicítoume o cumpreanos tocando unha peza co piano, a súa maneira e coas súas dificultades. Foi emocionantísimo, porque ten unha linguaxe especial e unha maneira de interpretar a música única. Entón é importante observar a diferenza, a diversidade, non todos somos iguais, por iso, a música axuda a suscitar moitas emocións, no caso de Rui é palpable, e no de Lúa, a filla de Uxía, tamén. É unha nena que ten unha sensibilidade a flor de pel para a música, ten criterio, e hai cousas que lle gustan e outras que non, cousas coas que se emociona moito e outras que lle resultan indiferentes. A min paréceme que a música é o maior motor do mundo, polo menos do meu.

AB: Se tiveras que escoller entre María Fumaça e os teus discos, que escollerías?

U: Escoller entre uns e outros? Eu que sei, quédome con María Fumaça, é moi divertido e é un proxecto que eu quero moito, do que eu estou moi orgullosa de ter levado a cabo, e de que todos os nenos e nenas de Galicia se identifiquen tanto con el, saben as cancións, emocionantísimo, non hai nada que iguale iso, cando sobes a un escenario e levantas os brazos e dices: "Alegría" e notas como un pabellón enteiro, a praza de M<sup>a</sup> Pita está en pé, disfrutando diso, en fin, iso é impagable, a parte de que o público infantil é un público moi espontáneo, transmite moita enerxía e hai que estar preparado, é moi esixente en todos os sentidos, tes que estar aí ao 100%.

AB: Que foi o primeiro que sentiches ao saber que ao teu afillado Rui lle ocurría algo?

U: Foi desconcertante, ao principio descoñeces moito en que consiste a parálise cerebral, a diversidade funcional que agora se chama máis correctamente, e despois, pasado o momento de shock, o que queda é levar unha vida o máis feliz posible. O que máis nos preocupa é que Rui sexa un neno feliz, e eu creo que é feliz dentro das súas limitacións, entón, pois misión cumprida. O primeiro que sentín, bueno, pois, pensas que a vida é inxusta porque un neno non vai poder camiñar, nin falar,... En todo caso está nun colexio público, ten unha profesora marabillosa, ten amigos e amigas, canta, ten unha familia que o quere e o arroupa, e seguro moito máis fácil que moitos nenos que camiñan, que falan, e que teñen unha vida aparentemente normal.

AB: Como naceu a iniciativa María Fumaça?

U: Pois naceu diso. Eu son a madriña de Rui, e pensei: "Que podo regalarlle a Rui cada Nadal? As madriñas teñen que ter un agasallo especial". Entón digo, pois un disco cada Nadal, e aí naceu xa fai 8 anos, fomos facendo discos ata que se editou, pero naceu así dunha cousa moi informal, dunha familia cantando na sala de estar da casa de Rui, dos meus amigos que se uniron, como Magín, Carlos Branco, e por suposto os músicos que tamén colaboraron. Todos puxeron a súa enerxía.

AB: Como interactúan os nenos con Rui?

U: Para moitos nenos, Rui é un heroe, na súa cadeira de rodas, guapetón, entón, pois moi ben, é emocionante ver como se achegan, sen ningún tipo de prexuízos, o feito de estar nunha cadeira de rodas ou que se exprese doutra maneira, con absoluta normalidade. Eu creo que os nenos teñen esa capacidade, veñen alí a que lles asine os libros, temos un museo que lle fixemos para el, para que poida asinar os libros, e entón o ler síntese tamén importante, feliz con esa comunicación.

AB: Que artistas cres que están axudando ao desenvolvemento da música galega?

U: Moitas, moitas, moitas. Non che podería dicir, sería inxusta se deixo alguén detrás, as miñas compañeiras, Uxía Pedreira e Sés, son as dúas que máis me inspiran, coas que teño maior relación, son moi amiga tamén de Budiño, Xabier Díaz... Creo que hai grandes talentos na música galega nestes momentos, afortunadamente, hai moita diversidade e moita xente interesante.

**Comentario persoal:** ***ALALÁS ENCADEADOS (Uxía Senlle)***

*E para ben cantar lixeiro  
E para ben cantar cargado  
Lixeiro de alento novo  
Cargado do mais calado*

*Calado ser de meu pobo  
Por siglos asoballado.  
Xostregan augas e ventos  
Sigue o penedo chantado.*

*Queda o penedo roído  
Raspado e batugado.  
Sólo lle quedou aquilo  
Que non pode ser quitado.*

*Penedo roído e quedo  
Por riba de ti me pranto.  
Sin ti fora o mais pequeno  
Por ti son o máis alto.*

*Galicia non te puideron  
Calar e ben que o teimaron.  
Se non cantas polo erguido  
Asubías polo baixo*

*Labregos e mariñeiros  
Obreiros de pan en pano  
Que cando tiveron que irse  
Con iles te levaron.*

*Alalá polo mais alto  
Alalá polo mais baixo  
Ailalalalalalala*

Nesta canción fábase da forza e do poder de Galicia. Coñecendo a historia do noso pobo, e como ben di Uxía con tan sinceiras palabras "por siglos asoballado". Porque a pesar de que Galicia tivo que loitar con todo tipo de adversidades, tanto lingüísticas como económicas, a valentía da xente que viviu aquí fíxolle saír adiante ("Galicia non te puideron calar e ben que o teimaron"). Tamén fala dos emigrantes que tiveron que irse para sobrevivir, pero aínda así nunca renunciaron á súa terra e á súa anterior vida. Sen dúbida é unha canción cun significado especial para todos os galegos que viven baixo a presión de outros estados economicamente superiores. Pero como Uxía deixa moi claro, non debemos deixar de loitar!

# LUCÍA PÉREZ



**Lucía Pérez Vizcaíno**, nada no Incio un 5 de xullo de 1985, é unha cantante galega. Representou a España no festival de Eurovisión de 2011, sendo a primeira galega en facelo.

Comezou a cantar con tan só 8 anos, e no 2003 publicou o seu primeiro disco (*Amores y amores*). Aínda que maioritariamente canta en castelán, nunca olvidou a súa terra, e en todos os seus discos están incluídas cancións en galego, como por exemplo a coñecida versión de "Adiós ríos, adiós fontes" de Rosalía de Castro. Un dos seus últimos álbums, *Digocho en galego*, está totalmente

escrito en galego, volvendo así a facer referencia ao seu pobo.

Grazas Lucía por atender as nosas preguntas. Aí van as respostas.

## Entrevista:

AB: Na túa mocidade, que proxectos de futuro tiñas?

L: Nos meus proxectos sempre estivo adicarme á música; ben, no ámbito do ensino, xa que fixen Maxisterio Musical e Pedagogía, ou subida aos escenarios. Dende nena, sei que a música é o que me fai feliz.

AB: Quenes son os teus exemplos a seguir?

L: Admiro a todo aquel artista que aguanta e que está ahí co paso do tempo; iso, dío todo e por iso os admiro. Gústame moito **Luz Casal**, **Luar na Lubre**, Amaran, Dulce Pontes, M Clan, Ricardo Arjona...

AB: Por que en galego?

L: Porque o galego é a miña lingua e que sempre falei dende nena na miña casa.

AB: Sendo muller, cres que tiveches máis ou menos vantaxes?

L: No meu caso, creo que tiven as mesmas vantaxes que calquera home. Noutras profesións creo que isto pode estar máis acusado; pero o que está claro é que da igual que sexas home ou muller o que hai que facer é esforzarse e traballar moito; ninguén regala nada.

AB: Como te acolleron fóra de Galiza?

L: Teño que dicir, que son unha "suertuda" viaxei a moitos países levando a miña música, para que os que están lonxe se sintan un pouco máis cerca da súa terra. A maioría desas viaxes sempre foron a través das colectividade galegas e españolas e o recibimento e o cariño co que sempre me trataron non puido ser mellor.

AB: Cres que os dereitos da muller evolucionaron nos últimos anos?



L: Afortunadamente sí, claro que evolucionaron os nosos dereitos, pero é verdade que aínda temos que seguir loitando por eles. A desigualdade entre homes e mulleres sigue estando aí.

AB: Por parte da túa familia, que apoio tiveches?

L: Sempre tiveron o apoio da miña familia para facer o que me gustaba; pero, en especial, miña nai que é a que sempre andou comigo dun lado para outro ás clases de música, aos concursos...sen importar as horas de viaxe, de esperas... A ela débolle todo; ela si é unha muller loitadora, "MULLER" con maiúsculas!

AB: Pensaches nalgún momento renunciar?

L: Son consciente de que a profesión que elexin é inestable e inxusta. Hai momentos bos, moi bos e non tan bos...pero como en calquera traballo. A verdade é que nunca pensei en renunciar, a día de hoxe síntome realmente unha afortunada e loito cada día para poder seguir aí.

AB: Existe discriminación cara á muller no mundo da música?

L: Agora, non creo que a haxa, eu polo menos nunca percibín nada.

AB: É difícil romper os estereotipos?



L: Sempre é difícil saírse do "normal", aínda que quen marca o límite? O que un ten que ser, é como el é, o que sentimos; esa é a clave.

AB: Tiveches problemas por non responder ao modelo de cantante intranscendente que ás veces se busca no mundo da música?

L: Posiblemente, o tería máis fácil pero non sería eu. Cando digo que me sinto unha afortunada é porque vivo

dunha profesión que amo e , sobre todo, que fago o que eu sinto e quero.

AB: Compós as túas cancións ti soa ou con outras persoas?

L: A gran maioría das cancións que eu canto non son escritas por min, pero sí colaborei na composicións dalgunhas. Co tempo irei curtindo esta faceta...

AB: Que canción das que tes é a que máis te emociona?

L: É complicado quedarse cunha soa canción, porque depende do momento. De todas formas, foi moi bonito cando fai un mes cantei "Sete chorares" en Rio de Janeiro e ver a emoción nos ollos da xente que estaba aí.

AB: Música galega ou portuguesa?

L: As dúas! canto menos haxa que elixir mellor!!!!!! A música é música é da igual o idioma, de todas formas a galega é a que eu sinto!

AB: A que idade te decantaches pola música galega?

L: Con 17 anos gravei o meu primeiro disco, un regalo dos meus pais. Todos pensaban que se ía quedar aí, no hobby daquela nena. E foi a partires dese momento, cando me percatei de que iso era o que quería.

AB: Cres que os teus achegados influíron na teu gusto musical?

L: Creo que nun momento determinado si, logo un xa vai vendo outras cousas, coñecendo a outra xente...e vai cambiando. Ao final, o gusto musical de cada un creo que é unha recopilación de momentos e etapas da túa vida.

AB: Na túa casa, escóitase a túa música en CD, ou xa a interpretas ti diariamente?

L: A verdade é que cando canto na casa , non adoito cantar as miñas cancións , pero, se mo piden, si

AB: Gustaríache dar o salto e facer xiras polo resto do mundo, ou prefires quedarte na túa terra?

L: Unha das metas de calquera artista é ser coñecido en cantos máis sitios mellor; así que, pola miña parte, oxalá haxa escenarios por todo o mundo donde ofrecer a miña música. Creo que unha das mellores promocións de Galicia é a música; e para iso temos que soar tamén fora.

AB: Repercutiu na túa forma de ser a fama?

L: Ese tema falouse dende sempre na miña casa e téño moi claro.Eu sigo sendo a mesma, sólo faltaría!

AB: Cal cres que é o motivo principal do teu éxito?

L: O éxito non vén so...sempre vén con moito traballo e esforzo, e sobre todo, con constancia. Sen olvidar tamén a xente que está detrás e que traballa contigo.

AB: Ata que punto cres que pode influír nos nenos con algún problema físico ou psíquico?

L: A música é a lingua dos sentimentos; a lingua universal. E aí estamos todos; delgados, negros, brancos, miopes, discapacitados psíquicos, gordos, chinos, europeos... persoas diferentes que responden aos mesmos estímulos, que "algo" nos faga sentir, e a música, sen dúbida, é a mellor terapia para florecer os nosos sentimentos.

AB: Paréceche normal que o goberno actual elimine as educacións artísticas?

L: Por suposto que estou totalmente en desacordo! Cando leo cousas deste tipo éntrame unha rabia interna que me fai pensar que estamos ante unha sociedade robótica e ruda. Pero é que non saben que as asignaturas artísticas e en especial a música, desenvolven a capacidade lingüística tanto comprensiva como expresiva e axuda ó desenvolvemento emocional e social.? Pois parece que non!. Pero tamén creo, ou espero, que o tempo poña as cousas non seu sitio.

AB: Que che parecen as iniciativas como "Cantos na Maré"?

L: Unha iniciativa que agrupe artistas de diferentes países que comparten unha lingua irmá, paréceme unha iniciativa fantástica; a unión sempre fai a forza.

AB: Que artistas cres que están axudando ao desenvolvemento da música galega?

L: Todos aqueles artistas, sexan do xénero que sexan, que difundan a lingua e o espírito da nosa música alí por donde vaian.

## Comentario persoal:

### *Amarás a miña terra (Lucía Pérez)*

Falando e falando xa sabes de min.  
Que veño de lonxe o mesmo que ti.  
Que cando o meu cuarto xa queda pequeno,  
Pechando os meus ollos, nos soños esperto  
Por verdes paisaxes xunto a un mar azul.

Quixera traelos aquí xunto a ti,  
Para que puideses comigo sentir,  
Sentir a humidade que hai baixo das follas,  
E ver que tamén ti namórase e soñas  
Con non saír nunca de alí.

Se me queres a min, amarás miña terra.  
Xa virás algún día, ver onde eu nacín.  
Se desexas amor e as miñas caricias,  
Voarás ó meu lado e amarás ti tamén:  
á miña Galicia.

Falando e falando quéroche contar,  
Que eu me imaxino podendo voar,  
E como nun conto, bogando nos ríos  
teu mundo e o meu mundo por sempre fundidos.  
E xuntos de novo soñar.

Se me queres a min, amarás miña terra.  
Xa virás algún día, ver onde eu nacín.  
Se desexas amor e as miñas caricias,  
Voarás o meu lado e amarás ti tamén:  
á miña Galicia.

Esta canción é moi significativa para este traballo e para a nosa terra en xeral. Deixa ver a Galicia como un paraíso e algo digno de amar. Podemos destacar a frase "se me queres a min, amarás a miña terra", pois deixa ver que é fundamental terlle aprecio á terra para poder apreciar ás persoas, pois o sentimento de pertencer a algún lugar é algo que se ten dende que se nace, e hai veces que por moito que intentes cambialo, non es capaz. Nesta canción tamén podemos ver unha Galicia paradisíaca propia dun conto de fantasía, co seu mar e os seus montes capaces de abraiar a xente de todo o mundo. Sen dúbida é unha letra con moito sentimento, nunha voz con moito amor á terra.

# LUZ CASAL

**María Luz Casal Paz**, coñecida como Luz Casal, naceu en Boimorto en 1958 e é unha cantante galega de pop-rock. Estudou piano e solfexo, ademais de facer cursos de ballet. Realizou coros e formou parte dun grupo de rock que interpretaba versións. Cando deixou o grupo interesouse pola ópera.



En 1982 ve a luz o seu primeiro álbum, co que comezou unha carreira de éxitos. Entre as súas cancións máis coñecidas destacan temas como *No me importa nada*, *Entre mis recuerdos*, *Negra Sombra* (colaborando con Carlos Núñez), *Piensa en mí* ou *Un año de amor*, entre outras.

En xaneiro de 2007 diagnosticóuselle cancro de mama, do que foi operada en Madrid nese mesmo mes. En novembro, recuperada da doenza, presentou un novo traballo, titulado *Vida tóxica*, e onde fai referencia, entre outros temas, ao proceso da quimioterapia.



O 23 e 24 de setembro de 2012 organizou en Boimorto un festival solidario chamado *Festival de la Luz* para recadar cartos para a Asociación Española contra o Cancro. Ese festival pasou a converterse nunha cita inesquecible para todos os amantes da música en xeral, pero sobre todo para os amantes da música galega. No ano 2010 foille concedida a Medalla Castelao.

## Discografía:

Luz Casal vendeu en total máis de 5 millóns de discos.

- *El ascensor* (1980)
- *Luz* (1982), tamén chamado *No aguanto más*.
- *Los ojos del gato* (1984)
- *Luz III* (1985)
- *Quiéreme aunque te duela* (1987)
- *Luz V* (1989)
- *A contraluz* (1989)
- *Como la flor prometida* (1995)
- *Pequeños y grandes éxitos* (1996)
- *Best of Luz Casal* (1998), unicamente en francés.
- *Un mar de confianza* (1999).
- *Con otra mirada* (2002).
- *Sencilla alegría* (2004).
- *Pequeños, medianos y grandes* (2006)
- *Vida tóxica* (2007).

- *¿Por qué no vuelves, amor?* 2013
- Banda sonora de *O bosque animado*, *Tacones lejanos*, *Solo mía*.

***Comentario persoal.***

*Negra sombra.*

Cando penso que te fuches  
 negra sombra que me asombras  
 ó pé dos meus cabezales  
 tornas facéndome mofa  
 Cando maxino que es ida  
 no mesmo sol te me amstras  
 i eres a estrela que brila  
 i eres o vento que zoa  
 Si cantan, es ti que cantas  
 si choran, es ti que choras  
 i es o marmurio do río  
 i es a noite i es a aurora  
 En todo estás e ti es todo  
 pra min i en min mesma moras  
 nin me dexarás nunca  
 sombra que sempre me asombras.



Esta é unha das razóns polas que Luz Casal debe estar dentro deste traballo. A parte do lugar onde naceu, de que se fixou en Galicia para facer o seu multitudinario festival, e de que nunca olvidou esta terra, fíxolle unha das máis bonitas homenaxes a Rosalía colaborando con Carlos Núñez nesta canción. Ademais, existe unha pequena conexión entre a escritora e a cantante, pois os pais de Luz víronse obrigados a emigrar a Asturias para poder darlle de comer á súa filla e os poemas de Rosalía tratan sobre a emigración. Outra das razóns polas que podemos conectalas é porque se trata dunha canción que representa a tristura que nunca te abandona; despois da enfermidade de Luz, saíu ao público un disco que falaba do sufrimento que se pasa durante a quimioterapia, polo tanto é tristura.

É unha das versións máis coñecidas deste poema, que a fixo dar a volta a Galicia e ao mundo, ben sexa polo sentimento que a súa voz expresa ou polo ben que sabe darlle vida á letra.

# MERCEDES PEÓN



**Mercedes Peón**, nada en Oza dos Ríos en 1967 é unha cantante e instrumentista galega. As súas primeiras gravacións foron colaboracións con outros galegos, como por exemplo Budiño. A pesar diso, a súa canción máis coñecida é o tema principal da serie galega Mareas Vivas.

A súa música caracterízase pola súa variedade e os seus sons eléctricos e vibrantes. Ademais, a enerxía que desprende nos escenarios convértena nunha das principais artistas en galego. A parte diso, as súas cancións recollen a cultura que ela buscou nas aldeas, con contos, cantos e sons propios de Galicia.

No ano 2000 gravou o seu primeiro álbum, *Isué*, que a levou ao máis alto por expresarse de maneira totalmente libre. Posteriormente viñeron *Ajrú* (2004) e *Sihá* (2007), que co seu ritmo electroacústico a levaron ao triunfo dentro e fóra de Galicia. A finais de 2010 sae o seu último disco, *Sós*, que nos amosa unha evolución brillante da súa carreira, disco que está traballado e editado totalmente por ela.

Actualmente, participa en moitos proxectos e programas, entre eles Luar (TVG). É unha persoa moi activa e cunha total conexión con Galicia.

Grazas por ter contestado a nosa entrevista.

## Entrevista:

AB: Na túa mocidade, que proxectos de futuro tiñas?

MP: Independizarme, ser autosuficiente, de feito saín da casa con 18 anos mentras aínda estaba estudando e levaba dando clases extraescolares dende os 13, o que me daba moita independencia dende unha temprana idade.

AB: Quenes son os teus exemplos a seguir?

MP: Non teño. Creo que unha ten que buscar os seus acordos de vida, non se poden imitar outros porque estarías fóra do teu propio ser e nalgo artificial. A sociedade na que vivimos se move nuns sistemas de valores que eu comecei a cuestionar dende moi cativa. Podo admirar a moitas persoas pero non quero ser coma elas, algo que seguramente me daría bastante estrés por imposible.

AB: Por que en galego?

MP: Como non?



AB: Sendo muller, cres que tiveches máis ou menos avantaxes?

MP: Nosoutros vivimos nun mundo androcéntrico. Iso está fora de toda dúbida. Existe unha normalidade no feito de que calquera home lidere o que sexa porque está no noso imaxinario. E calquera muller suponse que ten unha sub-misión faga o que faga. Falo no mundo globalizado das cidades e no sistema económico-capitalista polo que nas aldeas dos anos 80 quedaba bastante fóra este construto arquetípico porque non se sobreviviría dun xeito non ecolóxico. Polo tanto para che poder contestar ben tería que decirche que nas aldeas, ao redor desas mulleres e homes impresionantes non houbo discriminación, ao contrario, tratábanme cun agarimo e respecto á altura do que sentía eu por eles. No ámbito doméstico, educacional, social dunha cidade como Coruña que foi onde nacín a presión de onde tiñas que estar situada, de como te tiñas que comportar esteticamente, de como a túa sexualidade era un tabú etc latexaba como en calquera cidade islandesa ou noruega. Agora ben, sempre me sentín libre para andar un camiño con acordos novos, que me resultaran frescos para respirar segundo son eu, exercendo a miña singularidade e mirándome por dentro para non afogar no que construíron outras e outros.

AB: Como te acolleron fóra de Galiza?

MP: O caso é que fóra chaman para contratar algo que desexan ter, polo que te tratan de maravilla.

AB: Cres que os dereitos da muller evolucionaron nos últimos anos?

MP: Os movementos sociais feministas conseguiron que as sociedades do mundo occidental sexan igualitarias nos dereitos, por lei. Agora ben, no doméstico, nos medios de comunicación, na cosificación cada vez máis agresiva, na homofobia, no recoñecemento do terceiro sexo, etc. Estamos aínda moi lonxe de ter as mesmas oportunidades realmente, no día a día. Pregúntome continuamente por que non se estuda a Rosalíade Castro no que máis a identificaría que sería a súa parte máis crítica coa sociedade española, unha feminista increíble do século XIX e non sabemos nada ao respecto dela. Por que non se estudan os movementos feministas que foron os que máis influenciaron o pensamento no século XX. Por que non se fala no bacharelato do movemento Queer etc. Pois polo androcentrismo que nos ten nun nubarrón enorme e que fai que teñamos asimiladas fantasías de aceptación e non vemos o que temos diante e o que se nos nega a todos que é ser singular.

AB: Por parte da túa familia, que apoio tiveches?

MP: O máximo apoio dentro do seu esquema de valores e sobre todo de amor, o amor tíveno a mans cheas.

AB: Pensaches nalgún momento renunciar?

MP: A que?

AB: Existe discriminación cara á muller no mundo da música?

MP: A discriminación é algo que a xente non a vai remediar ata que nos decatemos que todos nacemos racistas, machistas, etc e desenguedellemos os acordos que nos meteron simplemente por pertencer a un mundo que xa estaba creado. Os músicos e as letras hailles que dar de comer aparte, o androcentrismo, as cancións de amor, ou eso din, onde poseen as parellas como se lles deberan



algo, en fin nunca me interesaron o máis mínimo. O mundo da industria o que se rixe é polos beneficios cousa que é normal, é un negocio. Gustaríame decirvos que os prexuízos son cara a moitos lugares. Un exemplo sería que aínda estando os meus discos nas listas de música internacionais de números 1 ou nos dez primeiros postos, en España non se faga ningún seguimento, aínda que The Guardian diga que tal disco (o SOS) é o único salientable da música española. Claro está que a min non me importa porque xa naciches neste lugar,

decatácheste de que o que non ten poder económico é prescindible (refírome claro está á lingua que utilizo, non a fan de seu). Polo que se me ocorren cousas desas quere decir que algo debo estar facendo ben porque xustamente senón admites unha dose de poder o lóxico é que che ignore.

AB: É difícil romper os estereotipos?

MP: Ten o seu aquel, hai que decatarse de que estás facendo algo que non é o teu e a partir de aí encheste dun aire fresco que che da unha tranquilidade marabillosa.

AB: Tiveches problemas por non responder ao modelo de cantante intranscendente que ás veces se busca no mundo da música?

MP: Non, eu fixen primeiro o que quixen e despois vendin o disco. Este foi o proceso. Deixara a televisión porque tiña a necesidade de compoñer, ese mundo que me permitía abstraerme e ter o meu tronso particular. Para eso pedín un crédito de 5 millóns das antigas pesetas e fixen o *Isué*, despois funme co meu manager, que era simplemente o meu compañeiro, a Madrid e o vendimos a unha discográfica de folk madrileña que nos pagou o prezo que lle pedimos. Iso foi así, sen máis, coa inocencias de pensar que podía ser e coa tranquilidade de que senón era tanto tiña, eu xa fixera o que quería.

AB: Compós as túas cancións ti soa ou con outras persoas?

MP: Soa.

AB: Onde buscas as inspiracións?

MP: Levaríame un mundo explicallo. Inspírame a nosa terra, os países que visito, o meu posicionamento cara a unha situación política, o espazo sonoro da rúa gravada cunha zoom, entrar nunha fábrica e escoitar os sons, partir do 3 e buscar o 4 que unifique a poliritmia etc.

AB: Baséaste ás veces nos teus sentimentos ou procuras non facelo?

MP: Todo é emocional.

AB: En que pensas primeiro, na música ou na letra?

MP: Boa pregunta, depende. Agora mesmo máis na música.



AB: Que canción das que tes é a que máis te emociona?

MP: Ai! que difícil pregunta! Todas son as que máis me gustan nalgún momento.

AB: Música galega ou portuguesa?

MP: Galega, portuguesa, senegalesa, americana....pero eu asentome na que ve as mesmas fragas ca min.

AB: A que idade te decantaches pola música galega?

MP: Non me decantei, saíu así.

AB: Cres que os teus achegados influíron na teu gusto musical?

MP: Non.

AB: Na túa casa, escóitase a túa música en CD, ou xa a interpretas ti diariamente?

MP: Na miña casa, máis ben na casa estudo que teño é un verdaderito pesadelo para calquera que me escoite. Enguedéllome en dúas ou catro notas durante horas e non me escoito os discos. o proceso de produción-composición é simultaneo e depende da produción electrónica e electroacústica e cando xa remato ao mellor levo tres anos traballando sen parar en todo o proceso polo que non escoito os meus discos ata pasado mínimo un ano.

AB: Gustaríache dar o salto e facer xiras polo resto do mundo, ou prefires quedarte na túa terra?

MP: Xa fixen máis de 370 festivais internacionais, non me chama en exceso seguir viaxando, aínda que é a miña maneira de gañarme a vida. Estiven en todos os continentes menos en Oceanía.

AB: Repercutiu na túa forma de ser a fama?

MP: Non.

AB: Cal cres que é o motivo principal do teu éxito?

MP: Vós, ser de onde son, son singular por compoñer dende a miña individualidade e dende a individualidade do imaxinario galego, iso fainos ser únicas no mundo.

AB: Pareceche normal que o goberno actual elimine as educacións artísticas?

MP: Si, normal é sabendo cales son os parámetros económicos-consumistas que manexan. A educación artística insínache a ser singular, a apreciar beleza por ti mesma ,a construír ou crear mundos posibles e iso é antagónico aos intereses máis manipuladores porque sería ter unha poboación con iniciativa propia e singular, unha verdadeira polis nas repúblicas actuais.

AB: Que che parecen as iniciativas como “Cantos na Maré”?

MP: Moi ben.

AB: Que artistas cres que están axudando ao desenvolvemento da música galega?

MP: Todos e todas as músicas que cren en elas mesmas e se lanzan ao transo de compoñer. Iso falando da industria e da performance. Agora temos un problema gordísimo na transmisión da linguaxe máis primixenia da nosa terra, a creación colectiva vida da man de todas as nosa familias, e aí estamos en perigo de extinción. Por iso todas **as folcloristas** que están nos movementos dos seráns terían que ter un lugar privilexiado na nosa terra e consideralas as artífices de manter viva unha maneira de relacionarnos construída e creada en centos e miles de anos, a verdadeira creación colectiva dunha comunidade.

**Comentario persoal:**

**ADORO GALIZA**

*As soedades matanme  
e lastímanme a miña vida  
que non me deixan saire  
da tristura que sinto por dentro  
mais estou millor, moito millor  
estou millor síntome ben  
miro para á costa, para ao amencer  
mareas vivas de "Portozás"  
o mar, o mar, quen mo foi levar  
o mar....*

*Cando quero ben que falo,  
cando quero falo ben,  
cando teño alguén que sacame  
da tristura que sinto por dentro  
mais estou millor....*

*Eu estou millor, síntome ben  
miro para á costa, para ao amencer  
mareas vivas de "Portozás"  
o mar, o mar, quen mo foi levar  
o mar, o mar,  
mareas vivas de "Portozás"  
o mar, o mar, quen mo foi levar.*

Trátase da canción principal de Mareas vivas, unha serie que como podemos ver na letra da canción, está ambientada nunha vila mariñeira chamada Portozás e cóntanos a vida cotiá dos seus habitantes, así como os sucesos que fan romper a tranquilidade do pobo. A temática principal é a tristura que transmite a perda, ben sexa dunha persoa ou de calqueira outra cousa, pero tristura. Fálanos de como ao mirar ao exterior e ao mar fai que se sinta mellor, que sexa capaz de deixar unha pena que está por dentro e non quere desaparecer, unha pena que o mar non é capaz de levarse como fixo con outras cousas. Sen dúbida é unha canción moi fermosa, así como importante no mundo da televisión e música en Galicia.

# GUADI GALEGO



Guadi Galego, vocalista principal de ACadaCanto, xunto a Guillermo Fernández, Xabier Díaz e Xosé Luis Romero, primeira gaitreira e tamén vocalista de Berrogüetto no que entrou no 1997, participante de Espido, cantante do álbum Nordestin@s (no que tamén participaron Abé Rábade e Ugía Pedreira). Ultimamente, gravou en solitario xunto a Folmúsica un disco Lúas de outubro e novembro, unha das cancións integrantes deste CD, será comentada a continuación.

Grazas por concedernos esta entrevista...moitas grazas.

**Entrevista:**

AB: Na túa mocidade, que proxectos de futuro tiñas?

G: Sempre quixen ser gaitreira...na vida non quixen ser outra cousa que iso!!! Non pensabademasiado no futuro, iso producíame e prodúceme vertixe!!!

AB: Quenes son os teus exemplos a seguir?

G: BUfff....non son nada mitómana, de feito encántanme as imperfeccións,non creo nos mesías,mais si en mil e unha utopías que seguen en vixencia!!!

AB: Por que en galego?

G: Hehehe,o outro día Sés contestou a esta preguntadun xeito fantástico..."outra pregunta por favor,ou a Russian Red preguntanlle porque canta en inglés?" Eu contesto, porque non en galego? Por compromiso, por amor propio, por estética e incluso por ética persoal.

AB: Sendo muller, cres que tiveches máis ou menos avantaxes?

G: Sendo muller é máis fácil ser cantante que instrumentista, para iso tíveno máis fácil para todo o resto que é moito no tanto!!! Mais moito máis fácil que a miña nai ou a miña avoa.

AB: Como te acolleron fóra de Galiza?

G: Pois eu tiven a sorte de tocar nunha banda que se diferenciaba por ser folk cantar en lingua propia e minoritaria... Ser diferente, facíate exclusivo e abría portas ao exterior, por iso mesmo por non ser global!! E o mellor de todo era que gustabas...Non creo que me sexa tan sonseo con este disco pero nunca se sabe.

AB: Cres que os dereitos da muller evolucionaron nos últimos anos?

G: Creo que diminuíron en xeral os dereitos sociais, iso engadindo que eres muller aínda o fai máis difícil. Nen falar co descaro da Lei do aborto no noso país que pretendía convertírnos nun país á cola do desenvolvemento social e cultural, restando de liberdades propias do século pasado.

AB: Por parte da túa familia, que apoio tiveches?

G: A miña familia é unha familia un pouco atípica, sempre respectaron a miña vida, aínda que a miña nai sempre lle gustaría que tivese un traballo máis típico, pero en xeral moi ben.

AB: Pensaches nalgún momento renunciar?

G: Uiii siii, de feito renuncio moitas veces ao longo da vida a mil cousas heheh, máis á profesionalidade da música, pero nunca a música na miña vida.

AB: Existe discriminación cara á muller no mundo da música?

G: Existe discriminación cara á muller líder, xa che digo máis se eres instrumentista que cantante, pero en xeral se cantas e non dás a lata, pois mellor.

AB: É difícil romper os estereotipos?

G: É, porque, aínda que non queiramos, aínda que non sexa a nosa intención, están dentro de nós mesmas, tanto de homes coma de mulleres. Son moitos anos dunha educación machista e hai certas cousas difíciles de mudar.

AB: Tiveches problemas por non responder ao modelo de cantante intranscendente que ás veces se busca no mundo da música?

G: Eu non, porque a nosa música dende o momento en que te pronuncias na túa lingua e dis algo con significado xa te estás posicionando e iso vai por diante do resto.

AB: Compós as túas cancións ti soa ou con outras persoas?

G: Depende de que traballos, últimamente si...gústame esa soidade para escribir música e letra .

AB: Onde buscas a inspiración?

G: Na vida, nas vidas pequenas, esas que están na cola da historia, como diría Galeano ,vidas ,leves e á vez profundas.



AB: Baséaste ás veces nos teus sentimentos ou procuras non facelo?

G: Eu nunca desligo pensamento e sentimento, non podo facelo, son víscera pura. Aínda que creo e considérome moi tolerante.

AB: En que pensas primeiro, na música ou na letra?

G: Depende da letra ou depende da música, pero eu, que non son unha gran letrista, penso moitas veces na música e o que esa música me inspira.

AB: Que canción das que tes é a que máis te emociona?

G: Iso é coma osfillos...non se pode unha posicionar!!! hehehe.

AB: Música galega ou portuguesa?

G: Música en Xeral...pero eu son moi fan da xente que fai música en Galiza.

AB: A que idade te decantaches pola música galega?

G: Aos 9 anos, sabía que aquilo que calou en min nunca ía saír de min.

AB: Cres que os teus achegados influíron na teu gusto musical?

G: Si, dende logo... O meu pai...sen dúbida, amante das músicas tradicionais, da música clásica e de cantautores tan prolíficos e respectados como o Zeca Afonso que marcou a miña infancia e o meu xeito de entender o mundo dende a nosa música e a nosa lingua.

AB: Na túa casa, escóitase a túa música en CD, ou xa a interpretas tidiariamente?

G: HEHEHE. depende do día, pero escoitamos a música en cd ou no ordenata.

AB: Gustaríache dar o salto e facer xiras polo resto do mundo, ou prefires quedarte na túa terra?

G: Unha cousa non nega a outra, non me gustaría tocar só fóra da miña terra, pero encantárame tocar fóra e mostrar a nosa música fóra claro que si!!!

AB: Repercutiu na túa forma de ser a fama?

G: hehe...Eu non son famosa, ninguén me coñece no súper...claro que non.

AB: Cal cres que é o motivo principal do teu éxito?

G: Crer firmemente no que fago...e desfrutar de cada traballo como se fose único.

AB: Ata que punto cres que pode influír nos nenos con algún problema físico ou psíquico?

G: Ui...a musicoterapia é o máis. A música está no hemisferio cerebral contrario á fala!!! As emocións moven o mundo e a música é emoción... ultimamente experimento iso e quedo alucinada e emocionada.

AB: Pareceche normal que o goberno actual elimine as educacións artísticas?

G: Si, tendo en conta que o que queren formar son xente ad hoc, perfecta para o seu uso económico e social. Non queren xente libre, o señor ministro Wert teno claro.

AB: Que che parecen as iniciativas como "Cantos na Maré"?

G: Todas as iniciativas que acheguen a lusofonía son maravillosas, mais creo que está pendente que os lusófonos nos recoñezan a nós como tal, a signaturapendente.

AB: Que artistas cres que están axudando ao desenvolvemento da música galega?

G: Todos os que fan música no país libremente, sen prexuízos e moitos deles deixándose a alma e o peto...

#### **Comentario persoal:**



#### ***MATRIARCAS (Guadi Galego)***

*Comenzan as historias  
con homes encumados  
rematan sempre todas  
con mulleres que os salvaron  
da morte do intelecto  
de insectos que os picaron  
de turbias lendas vellas  
que non queren nen lembrar.  
E nos pouquiño a pouco  
imomos situando  
construindo barricadas  
no país dos alalás,  
nos en corpo e alma  
nos comprando calama  
nos cousa por cousa  
sen podernos despistar.*

*Nos aleitadoras  
nos conquistadoras,  
brillantes activistas  
da vida cotián,  
e nos que resistimos*



*a séculos de forza  
e nos as matriarcas  
do país dun tal Breogán.*

*Comezan as historias  
con homes encumados  
rematan sempre todas  
con homes que os salvaron  
da morte do intelecto  
de insectos que os picaron  
de turbias lendas vellas  
que non queren nen lembrar...*

*Nos aleitadoras  
nos conquistadoras,  
brillantes activistas  
da vida cotián.  
E nos que resistimos  
a séculos de forza  
e nos as matriarcas  
do país dun tal Breogán.*

*E nos aleitadoras  
nos conquistadoras  
brillantes activistas  
da vida cotián  
e nos que resistimos  
a séculos de forza  
e nós as matriarcas  
do país dun tal Breogán  
e nós que resistimos  
a séculos de forza  
e nos as matriarcas  
do país dun tal Breogán*

Esta canción o que principalmente me transmite é forza e vitalidade. Di todas as verdades sobre unha muller, sobre o que nos toca vivir, e sobre todo o que nos toca aguantar neste mundo que parece que non quere femias viventes. Nós resistimos todo o que nos veña, aguantamos todo o que poida ocorrer, para facer desta vida unha vida mellor. En relación co videoclip desta canción, creo que hai que dicir unha cousa clave, e darlle a importancia que ten. Dicir un non ao racismo, ao rechazo de persoas con distintos rasgos, distinta cultura e distinta ideoloxía, porque ao final, todos somos persoas, e en concreto aquí, todas somos mulleres, mulleres loitando polo mesmo, pola igualdade necesaria entre sexos, e a grandísima Guadi faino desta maneira tan simple, cunha canción.

# SUSANA SEIVANE



**Susana Seivane Hoyo**, nada en Barcelona no 1976, é herdeira da familia Seivane, importante en Galicia polo seu papel no mundo da gaita. Susana comezou no mundo da música aos tres anos grazas aos seus antecesores e compañeiros, que fixeron que a súa paixón polo mundo da gaita e da música tradicional de Galicia aumentara. Todo iso está presente no estilo de tocar de Susana, pois ten en conta o estilo dos antigos gaiteiros, mesturándoo así coa orixinalidade doutras músicas máis actuais.

En 1999 edita o seu primeiro disco *Susana Seivane*, producido por un dos membros de Milladoiro. Este traballo está baseado en temas tradicionais, levándoa así a escenarios de todo o mundo.

Co seu segundo álbum *Alma de Buxo* consolídase como artista galega de folk. Aquí colaboran artistas como Uxía Senlle, Kepa Junquera ou Rodrigo Romaní (Milladoiro). Como novidade, introduce a batería e o baixo eléctrico, ademais de composicións

propias, coas que consegue recoñecemento a nivel mundial. O seguinte disco é *Mares de Tempo* (título extraído da obra *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro) que contou coa colaboración de todo tipo de artistas, como por exemplo Guadi Galego, Roberto Somoza, o colectivo de Música Tradicional Ruote de A Coruña, e unha persoa que a acompañou durante toda a súa carreira, Rodrigo Romaní. Pero sen dúbida, a novidade deste disco é que Susana agasalla ao público coa súa voz para relatar cancións sobre o paso do tempo e a súa perda en cousas banais.

No ano 2009 vía a luz o seu último álbum, *Os soños que volven*, no que se inclúen as melodías da súa infancia, é dicir, a banda sonora da súa vida.

## Comentario persoal:

### **MIÑA VIRXE, MEU AMOR (SUSANA SEIVANE)**

Son teu olliños meu fariño,  
luz na tormenta do teu cabelo.  
Quen puidera nesta noite  
ser capitán do navío do teu leito.  
No teu leito non descanso,  
túas mans que son ondas, meu remanso  
Hei facer un barquiño,  
un barquiño có teu nome,  
no timón o teu sorriso,  
de motor o teu amore.  
Por compás o do teu baile.  
Por cartas as túas de amor.  
Nas redes dos teus brazos  
atrapado vive o meu corazón.  
A túa voz miña serea,  
o teu mirar o meu solpor.



Se me achegas vivo ao porto,  
xamáis me alonxarei de vós  
Hei facer un barquiño,  
un barquiño có teu nome,  
no timón o teu sorriso,  
de motor o teu amore.  
Hei facer un barquiño,  
un barquiño có teu nome,  
no timón o teu sorriso,  
de motor o teu amore  
de motor o teu amore.

Esta, para a miña opinión, é unha das cancións máis fermosas de Susana Seivane. A razón principal é a letra, que fala dun amor tenro e profundo. Outra delas é o seu son, pausado e relaxante, pero que ao mesmo tempo te anima a cantar. Por último, está o feito de que ademais da música, Susana incorpora a súa voz, polo que demostra que non só sabe tocar, senón cantar e ben cantado. Sen dúbida é unha peza indispensable no mundo da música galega e neste traballo.



(Susana no Luar)



# LEILÍA

**Leilía** é unha agrupación formada por seis mulleres que nace no ano 1989. Proponse recuperar do esquecemento a tradición galega co son de pandeiretas e voces. A mediados dos anos 90 aparece o seu primeiro traballo, *Leilía*, composto exclusivamente por pezas tradicionais baseadas no pasado e no esquecemento, que conseguiron cautivar á xente que as escoitou. O seu segundo disco aparece en 1998 co nome de *I é verdade i é mentira*, que conta coa colaboración de membros de Milladoiro. Así confirmaron que a tradición oral era parte da súa música actual. No ano 2003 publican *Madama*, no que incorporan letras de temática actual. No 2005 sae á luz *Son de Leilía «Leilear»*, no que se fai un percorrido pola historia do grupo, contando tamén coas colaboracións de Budiño e Milladoiro e incluíndo a banda sonora da película *Fisterra*. Finalmente, no 2012 sae *Consentemento* onde as melodías tradicionais se mesturan con letras creadas por escritoras.



## Comentario persoal:

### ***O MEU AMOR (LEILÍAS)***

*O meu amor se ti fores  
levame podendo ser  
eu teño de ir a cabar  
onde ti fores morrer  
eu hei de morrer cantando  
xa que chorando nacín  
as maravillas do mundo  
acabaron para min.  
O meu amor se ti fores  
levame podendo ser  
eu teño de ir a cabar  
onde ti fores morrer.*



Trátase dunha canción de amor, cun son e unha letra preciosas. Destacamos a frase "eu hei de morrer cantando, xa que chorando nacín" porque é sincera e unha maneira moi fermosa de representar o principio e o fin da vida, que evolucionan do choro á música, a gran pasión de moitos e moitas que os acompaña ata o leito de morte.

# ROSA CEDRÓN



**Rosa Cedrón**, nada en Monforte de Lemos en 1972 procede dunha familia con tradición musical. Con tan só oito anos, empezou a interesarse polo mundo da música, polo que empezou a ir ao conservatorio. Alí descubriu a súa verdadeira vocación: o violoncello. Dende entón, Rosa e o seu cello convertéronse en inseparables. A súa paixón era tal, que compaxinou os estudos coa música. Tras anos de preparación e un expediente brillante accedeu a unha praza como profesora no conservatorio de Ferrol. Pero houbo un feito que cambiou a súa vida: a invitación a un

concerto conmemorativo de **Luar na Lubre**. No Teatro Rosalía de A Coruña, Rosa tivo o seu primeiro contacto co grupo. A idea inicial de que ela fose a cellista do grupo fíxose definitiva cando o seu irmán, Javier Cedrón, llelo propuxo ao resto do grupo. Todos estiveron de acordo en que Rosa tiña unha voz moi bonita e que sería unha boa idea que cantase. Coa falta de tempo, vese obrigada a renunciar ao seu posto como profesora. O seu esforzo por aprender non pasou inadvertido. Mike Olfeld invitouna a facer a gravación do *Tubular Bells III* e á presentación mundial en 1998. Con Luar na Lubre estivo nove anos, nos que actuou nos mellores escenarios, gravou discos e recolleu premios, ademais de participar en moitos proxectos e bandas sonoras, nos que chegou a cantar dende fados ata boleros, que fixeron que moito público a considerara "A voz de Galicia".

A súa faceta como solista comeza en 2005 movida polo afán de expresar a súa propia musicalidade interior. O primeiro álbum chega en 2007 co nome de *Entre dous mares* que a leva a conseguir un alto número de vendas e a realizar xiras por toda España e Francia.

## Comentario personal:



### *MIÑA NAI LÚA (ROSA CEDRÓN)*

Ti, oh señora das mareas  
Principio e fin da miña doce esencia  
En ti nace e morre o tempo...

Ti, forza fértil dos misterios  
Eterna dona dos ocultos sentimentos  
A liberdade dos trece segredos...

Arrolada no teu berce, miña nai lúa  
Cantarei pra quen te quera ben  
Cantarei ata o mencer.  
Tapadiña co teu manto, miña nai lúa  
Cantarei para quen te quera ver  
Cantarei ate morrer

Ti que me acompañas cada noite  
Na tan profunda e verdadeira dor  
Da miña adormecida ialma...

Ti que agarimosamente buscas  
Na tan escura poza dos meus ollos  
Os vestixos dos meus soños

Arrolada no teu berce, miña nai lúa  
Cantarei pra quen te quera ben  
Cantarei ata o mencer.  
Tapadiña co teu manto, miña nai lúa  
Cantarei para quen te quera ver  
Cantarei ate morrer

Cóbreme coa tua sombra silandeira  
De amor e dauga, ti deusa das noites  
Oh señora das mareas

Arrolada no teu berce, miña nai lúa  
Cantarei pra quen te quera ben  
Cantarei ata o mencer.  
Tapadiña co teu manto, miña nai lúa  
Cantarei para quen te quera ver  
Cantarei ate morrer.

Esta canción, composta e cantada por Rosa Cedrón, fala sobre a beleza da lúa, inspiración de poetas e outros artistas, ben sexa polo seu brillo ou pola confianza que inspira. Destaca a frase "eterna dona dos ocultos sentimentos" porque hai ocasións nas que a lúa chega a hipnotizarte coa súa fermosura ata o punto de que a vexas capaz de influir en ti, na túa vida, ou como ela di, nos teus sentimentos. Por outra parte, cando di "deusa das noites" porque é ela quen goberna a oscuridade do nocturno. Sen dúbida é unha das máis bonitas alabanzas á lúa da música en galego. Aínda por riba, posta nunha voz que se sae de todos os padróns para deixar abraiado a todo o que a escoite.





# PILI PAMPÍN

**Pili Pampín** naceu en Rivasar (Rois). Gravou a súa primeira cinta de casete coa Orquesta Compostela, e na actualidade é unha das artistas máis recoñecidas de Galicia. Os seus éxitos forman parte da verbena galega e de programas relevantes de Radio e Televisión coma o Luar da TVG.



## Discografía:

- *Noites de festa.*
- *Pili Pampín. Grandes éxitos.*
- *Pili Pampín.*



(Un fan xunto a unha dedicataria de Pili)

## O GALO

*O galo cando canta é día, é día, é día, o galo cando canta é día,  
vamos de parranda de noite e de día. BIS*

*O galo cando canta é hora, é hora, é hora, o galo cando canta é hora,  
bótate María, bota o galo fóra. BIS*

*E como somos da ribeira, ribeira, ribeira, e como somos da ribeira,  
vamos de parranda a semana enteira. BIS*

Aínda que a autoría desta canción non pertence a Pili, foie la a encargada de facela soar en todas as festas de Galicia. A letra, como podemos comprobar, anima a levantarse, cantar e bailar sen pensalo dúas veces; iso é o que nos inspiran a maioría das cancións de Pili Pampín, enerxía, felicidade e ganas de festa.

# NAJLA

# SHAMI



Cantora e compositora nada en Compostela, filla de tres culturas: palestina, galega e arxentina. Interesouse pola música xa na súa infancia, polo que comezou a cantar e estudar con 9 anos, formando así parte de varias formacións musicais. Aos 17 anos empeza a tocar a guitarra, influenciada por estilos como o jazz e o funk. En 1997 estuda música moderna e educación musical afondando na técnica musical, actividade que a levará a países estranxeiros. Entre os anos 2003 e 2011 colabora con diversas bandas e cantantes para a publicación de discos, e a partir de aí en numerosos festivales.

En 2013 sae á luz a súa estrea en solitario, *Na lingua que eu falo*, no que afonda na obra de Rosalía de Castro.

#### Comentario personal:

<https://www.youtube.com/watch?v=WvULJlwZxuM> (Najla - Na lingua que eu falo)

"Na lingua que falo" é a canción que da título ao primeiro disco en solitario de Najla. Ten conexión, como ela ben di, con Rosalía, a escritora galega por excelencia. Esta canción ten unha mestura espectacular de sons afros e galegos, que lle dan un toque distinto á súa música. Ten un ritmo que se apega ao corpo e invita a moverse, pero ao mesmo tempo relaxa. Todo isto, xunto coa súa voz, fan dela unha das artistas galegas máis importantes dos últimos anos.





# MALVELA

Malvela é un grupo de **folk** creado en Mos grazas á xa mencionada neste traballo, Uxía. Está composto por 13 cantareiras, acompañadas por 6 músicos. Nos seus comezos, nunca foron a imaxinar que acabarían converténdose nas representantes das mulleres galegas.

Unha das súas versións máis coñecidas foi *O pirimpimpin* para a serie Padre Casares (TVG)

## Discografía

- *Que o pano non me namora* (2002)
- *O Aghinaldo* (2004)
- *Da miña xanela á túa* (2007)
- *Raianas* (2011)



## Comentario personal:

*Teño dentro do meu peito...  
unha laranxa partida  
para darlle o meu amor,  
o pirin pirimpimpin  
para darlle a miña vida  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui*

*De Portugal me mandaron,  
tres peras nun ramaliño  
quen me dera a mi savere  
o pirin pirimpimpin  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
Dolado do rio  
dolado meu ben  
dolado do rio  
o pirin pirimpimpin  
teño a quen lle quero ben  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
O entrar en sanguñeda  
hay un lexo de letreiro  
que sempre esta a dicir  
o pirin pirimpimpin  
portugal meu compañeiro  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
Rebola o pai  
rebola a nai  
rebola a filla  
eu como son da familia  
tamen quero rebolar  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,*

*maria vira pra aqui  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
Rebola o pai  
rebola a nai  
rebola a filla  
eu como son da familia  
tamén quero rebolar  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui  
Pirimpimpin pim pim pim pim  
manolo vira pra ca,  
maria vira pra aqui*



Como ben podemos ver neste grupo, as súas letras recollen cantigas do noso pobo, incluíndo tamén algunhas da súa propia autoría. Estas cancións están cheas de gracia e enerxía, coa que conseguiron animar ao seu público e recoller así numerosos seguidores ata converterse nunha das claves da música galega actual. As súas voces, perfectamente coordinadas entre si e cos sons dos seus músicos, fan delas unha parte importante

de calquera festa de Galicia, e como non, deste traballo polo seu papel de representantes da música de mulleres e do papel que estas desempeñan na música e na sociedade.

# Enquisa

Para facer este traballo dunha maneira máis realista, e contando coa opinión de todos, tivemos a sorte de contar coa colaboración de todos e cada un dos alumnos de educación secundaria do noso CPI, e así tamén coa dos profesores do centro.

A enquisa que repartimos foi a seguinte:

CURSO	SEXO
-------	------

RODEA A OPCIÓN QUE CREAS MÁIS AXEITADA

1-Cres que o home está sobrevalorado en Galicia sobre a muller?

- a) En todos os campos   b) Solo na música   c) Nunca

2-Aféctalle á muller a beleza á hora de ter fama, e ser coñecida?

- a) Sí   b) Non   c) Na música si que afecta

3-Con que regularidade escoitas música galega?

- a) Todos os días   b) Unha vez ao mes   c) Nunca

4-Se a música galega chega aos teus oídos, é masculina ou feminina?

- a) Non escoito música galega   b) Feminina   c) Masculina

5-Se unha persoa che fala castelán, pero sabes que é galega/o, e que se criou co idioma galego, en qué idioma soes contestar?

- a) Co galego ao ceo   b) Castelán   c) Con ignorantes non adoito a falar

6-Crees que o papel da muller evolucionou nestes últimos tempos?

- A) Na música si   b) Non, unha muller é inferior ao home  
c) Todos somos persoas, con distintos órganos, seguimos sendo persoas, iguais

7-Se ves dúas cantantes, unha galega, e outra alemana, as dúas en concerto en dúas salas distintas, onde acudirías antes?

- A) A galega      b) A alemana      c) Quedaríame fóra

8-Que aporta a música galega que non aporta a música inglesa? (Resposta libre)

9-Escribir en galego axuda ou perxudica, a vosa opinión, á fama?

- a) Si                                      b) Non

10-Preferides a voz dun home ou dunha muller? .....

11-Que opinariades sobre os músicos que renunciaran a música en galego soamente para facerse máis coñecidos?

12-Creedes que hai un tipo de instrumento característico para cada sexo? (Se a resposta é si, indicar cales)

13-Creedes que o idioma é unha fronteira para a música? (Xustificade a vosa resposta)

14-Nomea polo menos cinco cantantes (mulleres!!!!) galegas, e que fagan música en galego.

15-Adoitades relacionar música galega con música tradicional?

16-Que significa feminismo?

- a) Superioridade da mullera os homes  
b) Igualdade entre sexos  
c) Non sabe, non resposta

MOITÍSIMAS GRAZAS!! 😊

Grazas a esta serie de preguntas chegamos a unhas conclusións que expoñeremos a continuación, agrupadas por sexo, e idade.

### MULLERES

CURSO	RESPOSTAS																			
<b>1ºESO</b>	<p>Os máis pequenos da secundaria cren que:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O home está sobrevalorado en Galicia (Un 87,5%)</li> <li>• Un 62,5% opina que a muller é mais famosa se ten máis beleza.</li> <li>• Por mala sorte, un 50% NUNCA escoita música galega, e so un 12,5% a escoita todos os días.</li> <li>• Un 50% escoita música galega feminina, e un 12,5% masculina.</li> <li>• Se alguén fala castelán, e saben que entende o galego, un 75% responderíalle en galego.</li> <li>• Un 100% cre que todas as persoas somos iguais.</li> <li>• Se non saben nada de dúas cantantes de distinta nacionalidade, un 62,5% quedaría fóra nun concerto.</li> <li>• Opinións sobre o que aporta a música galega e non a inglesa</li> </ul> <table border="1"> <tr><td>Aporta cultura</td></tr> <tr><td>Moita cultura</td></tr> <tr><td>Aporta máis a inglesa porque aprendes novos idiomas</td></tr> <tr><td>Cultura da túa terra</td></tr> <tr><td>Nada</td></tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 62,5% cre que escribir en galego perxudica á fama</li> <li>• Un 50% non lle dá importancia ao sexo da persoa que canta</li> <li>• Opinión sobre os músicos que renunciaran a música en galego para gañar fama</li> </ul> <table border="1"> <tr><td>Que están traicionando ao galego</td></tr> <tr><td>Non creo que teñas que renunciará túa lingua para ser máis coñecido musicalmente</td></tr> <tr><td>Que está mal porque desprecian o galego</td></tr> <tr><td>Cada un debería cantar no idioma que quixese</td></tr> <tr><td>É unha tontería, hai que facer o que nos gusta a nós mesmos e non aos demais</td></tr> <tr><td>Que non é necesario iso, pero fano porque non se valora igual</td></tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% opina que non hai instrumento característico para cada sexo</li> <li>• Idioma, fronteira para a música?</li> </ul> <table border="1"> <tr><td>Non, porque a música é música sexa en Galicia ou en Londres</td></tr> <tr><td>Non, porque aínda que non entendas a letra dunha canción podes escoitala e gustarache igualmente</td></tr> <tr><td>Si, porque se non sabes un idioma estranxeiro, como o vas cantar?</td></tr> <tr><td>Non</td></tr> <tr><td>Si, porque non se valora igual a un cantante que fala inglés que a un galego</td></tr> <tr><td>Non</td></tr> <tr><td>Si, porque non se valora igual</td></tr> <tr><td>No, porque se cantas ben non importa en que idioma o fagas</td></tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A persoa á que máis coñecen é Sés, estando en segundo posto Mercedes Peón, e en terceiro, Pili Pampín.</li> <li>• Un 50% relaciona música galega con música tradicional.</li> <li>• A metade das rapazas pensan que feminismo é superioridade da muller aos</li> </ul>	Aporta cultura	Moita cultura	Aporta máis a inglesa porque aprendes novos idiomas	Cultura da túa terra	Nada	Que están traicionando ao galego	Non creo que teñas que renunciará túa lingua para ser máis coñecido musicalmente	Que está mal porque desprecian o galego	Cada un debería cantar no idioma que quixese	É unha tontería, hai que facer o que nos gusta a nós mesmos e non aos demais	Que non é necesario iso, pero fano porque non se valora igual	Non, porque a música é música sexa en Galicia ou en Londres	Non, porque aínda que non entendas a letra dunha canción podes escoitala e gustarache igualmente	Si, porque se non sabes un idioma estranxeiro, como o vas cantar?	Non	Si, porque non se valora igual a un cantante que fala inglés que a un galego	Non	Si, porque non se valora igual	No, porque se cantas ben non importa en que idioma o fagas
Aporta cultura																				
Moita cultura																				
Aporta máis a inglesa porque aprendes novos idiomas																				
Cultura da túa terra																				
Nada																				
Que están traicionando ao galego																				
Non creo que teñas que renunciará túa lingua para ser máis coñecido musicalmente																				
Que está mal porque desprecian o galego																				
Cada un debería cantar no idioma que quixese																				
É unha tontería, hai que facer o que nos gusta a nós mesmos e non aos demais																				
Que non é necesario iso, pero fano porque non se valora igual																				
Non, porque a música é música sexa en Galicia ou en Londres																				
Non, porque aínda que non entendas a letra dunha canción podes escoitala e gustarache igualmente																				
Si, porque se non sabes un idioma estranxeiro, como o vas cantar?																				
Non																				
Si, porque non se valora igual a un cantante que fala inglés que a un galego																				
Non																				
Si, porque non se valora igual																				
No, porque se cantas ben non importa en que idioma o fagas																				

	<p>homes, cando é falso.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Opinión xeral sobre a música galega</li> </ul> <p>Non me gusta, pero non me parece mal que lle guste aos demais</p> <p>A min non me gusta moito a música tradicional galega, pero parécese ben que exista, e si que me gustaría máis se se usa noutros tipos de música (rock)</p> <p>É moi bonita, pero gústame máis en castelán e inglés</p> <p>Debería estar máis valorada porque é a nosa cultura</p> <p>Non adoito escoitala, pero hai cancións boas</p>
2ºESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Un 100% cre que o home esta sobrevalorado sobre a muller.</li> <li>Un 100% cre que á muller aféctalle ser bonita.</li> <li>Un 50% escoita música en galego unha vez ao mes, e o outro 50% nunca.</li> <li>Un 100% non lle dá importancia ao sexo á hora de cantar.</li> <li>Ninguén contestaría en castelán a alguén que sabe falar galego.</li> <li>Un 100% cre que todos somos iguais.</li> <li>Un 100% escoitaría antes a unha alemana que a unha galega.</li> <li>Que aporta a música galega que non aporte a música inglesa?</li> </ul> <p>Outro tipo de idioma</p> <p>Non o sei</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Un 100% opina que perxudica á fama escribir as letras en galego.</li> <li>Un 100% non lle dá importancia ao sexo da voz cantante.</li> <li>Opinión sobre os músicos que renuncian ao galego para a fama</li> </ul> <p>Ben, porque cantan noutro idioma máis coñecido, e vai haber máis xente que lle guste</p> <p>Se a eles lles gusta non podemos meternos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Un 100% cre que non hai un instrumento característico para cada sexo</li> <li>O 100% cre que o idioma é unha fronteira para a música.</li> <li>Estan igualadas no primeiro posto Lucía Pérez e Pili Pampín.</li> <li>A clase está repartida en dous. Un 50% opina que a música galega é música tradicional, e a outra metade cre totalmente o oposto.</li> <li>O 100% sabe o que é o feminismo.</li> </ul>
3ºESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Un 100% cre que o home en Galicia está sobrevalorado sobre a muller.</li> <li>Un 85% cre que unha muller precisa beleza para ter fama.</li> <li>O 71% escoita música galega unha vez ao mes.</li> <li>Non escoita música galega un 12,5%</li> <li>Un 75% prefire música feminina.</li> <li>O 71% contestaríalle en galego a unha persoa que falara castelán en Galicia, e un 14% non lle contestaría.</li> <li>O 62% cre que todos somos iguais.</li> <li>O 100% asistiría a un concertó galego, antes que un alemán.</li> <li>Que aporta a música galega que non aporta a inglesa?</li> </ul> <p>Aporta a nosa cultura, a nosa terra e as nosas costumes. Resume como é Galicia e como somos os galegos, e para nós ten significado.</p> <p>Sentimentos que a veces so os galegos entendemos.</p> <p>Algo co que nos identificamos.</p> <p>Nada.</p> <p>Orgullo e satisfacción.</p> <p>É da túa terra, enorgullécete.</p> <p>A música galega é nosa, dos galegos, e identificámonos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Un 66% pensa que escribir en galego perxudica á fama.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O 85% prefire música galega feminina.</li> <li>• Que opinaríades sobre os músicos que renunciaran á música en galego soamente para facerse máis coñecidos?</li> </ul>
	Non deberían porque cada un debe facer a música que lle guste a un, non aos demais.
	Cada un sabe o que fai, sendo máis ou menos ignorantes.
	Creo que renuncian ó seu, e que, se desexa alcanzar só a fama é porque non ama a música, senon á fama.
	Ben, está para conseguir o seu soño.
	Que podían facela en galego e traducilas ao castelán se querían ter máis fama.
	Estaría ben que tamén tiveran cancións en galego, xa que é a súa lingua.
	Paréce-me mal, porque hai que defender a música galega.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% opina que non hai ningún instrumento característico polo teu sexo.</li> <li>• Creedes que o idioma é unha fronteira para a música?</li> </ul>
	Non, porque se unha canción é bonita e soa ben, non importa o idioma.
	O da cima é o inglés.
	Non, porque se che gusta a música é independente ao idioma no que está escrita.
	Non, porque a música procedendo de onde proceda, chega a todos lados.
	Non, porque aquí escoitamos cancións en todos os idiomas.
	Si.
	Si, porque nun sitio cántase nun idioma e noutro, en outros idiomas.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecen un número igual de persoas a tres grandes artistas, Sés, Pili Pampín e Rosa Cedrón.</li> <li>• Un 57% relaciona música galega con música tradicional.</li> <li>• Un 85% sabe cal é o verdadeiro significado do feminismo.</li> <li>• Opinión sobre a música galega:</li> </ul>
	É importante para nós, porque é a nosa cultura e os nosos sentimentos. Eu creo que debería haber máis artistas galegos e con maior importancia.
	Gústame moito a nosa música, pero dependendo que ocasións.
	Creo que está ben que os autores canten en galego. Na miña opinión é algo meu e creo que deben aumentar os cantantes galegos.
	Moi bonita, pero gústame máis a española e a inglesa.
	É da nosa terra e transmite en galego.
	Gústame porque é da nos aterra e fala das nosas cousas (non todas as cancións)
<b>4ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 66% das alumnas de cuarto, creen que a muller está infravalorada sobre o home en todos os campos</li> <li>• Un 87% está de acordo en que á muller aféctalle a beleza á hora de ter fama.</li> <li>• Un 60% escoita música galega unha vez ao mes.</li> <li>• Un 61% prefire música feminina.</li> <li>• Un 46% contestaríalle en galego a unha persoa que falase castelán en Galicia, e un 33% contestaría en castelán.</li> <li>• O 78% cree que todos somos iguais.</li> <li>• O 66% escoitaría antes a unha galega que a unha alemana.</li> <li>• Que aporta a música galega que non aporta a inglesa?</li> </ul>
	Síntese con máis morriña da túa fala.
	Enténdese mellor.
	Sentimento, pasión pola terra, á cultura e ao país.
	Son diferentes.
	Nada.
	Amor pola terra.



O orgullo da terra.
Nada.
A cultura do noso pobo.
Cultura da túa propia terra.
Aportan o mesmo, pero en distintos idiomas.
Poden entender o que di e identificarte.
Que podemos saber o que di e transmite algo moi noso.
En principio xa o idioma, logo que é moito mellor.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O 66% pensa que cantar en galego non favorece á fama.</li> <li>• O 60% prefere indistintamente a voz feminina ou masculina.</li> <li>• Que opinaríades sobre os músicos que renunciaran á música en galego soamente para facerse máis coñecidos?</li> </ul>
Cada un é libre de facer o que quere coa súa música.
Non lles gusta a música, gústalles a fama.
Fano para que as entendan en máis países.
Que fagan o que queiran.
Cada un é libre do que quere facer.
Cada persoa é libre.
Que non valoran a súa lingua.
É a súa decisión.
Hai que defender o teu e non avergonzarte.
Se é por motivos económicos, paréceme ben.
Que non te podes sentir avergoñado por algo que forma parte de ti.
Só buscan a fama e dálles igual a súa cultura.
Que fan ben.
Paso deles, é xente que non valora o idioma que ten. Se non estás para ter fama, nin a tes en galego, nin en inglés, nin noutro idioma.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 93% opina que non hai un instrumento característico para o xénero, pero un 7% di que por mala sorte si, hai moi poucos pandereteiros, e moi poucas rapazas que toquen a batería.</li> <li>• Creedes que o idioma é unha fronteira para a música?</li> </ul>
Si.
Si, non todos van entender o idioma da túa canción.
Si, porque non se entende en todo o mundo o mesmo idioma.
Non, se a xente sinte a música e a autenticidade da persoa, gusta sempre.
Si.
Se o idioma é coñecido non. Igual se pensan que non se poden gañar a vida só en Galicia.
Si, xa que a xente que non entende o idioma quizais non lle guste.
Para algún si, e outros non.
Se che gusta a música non importa.
Non.
Si, o inglés é máis comercial.
Non.
Non, abre máis portas con outros países.
Si.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A artista máis coñecida é Sés, estando en segundo lugar Uxía Senlle.</li> <li>• Un 80% relaciona música galega con música tradicional.</li> <li>• Un 100% das alumnas sabe o significado de feminismo.</li> <li>• Opinión sobre a música galega:</li> </ul>

Non me gusta.
Non me gusta.
Perfecta, demasiado perfecta.
Máis cultura xeral.
Non é que me guste moito a música galega, pero en orquestas si que me gustan, e as coñecidas tamén.
Non me gusta moito.
Depende da canción e da artista que cante.
Non me chama moito.
Moi boa.
Non estou moi ao día pero hai algunha canción que me gusta.
Nada.
Non é a miña favorita, pero doulle valor pola cultura e o uso do galego. Temos que coidalo!
Moi bonita.
Non a escoito, non podería opinar case, pero a miña opinión persoal que canta en galego, a que siga e non pare.

### HOMES

CURSO	RESPOSTAS										
<b>1º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% pensa que a muller nunca é tratada inferior ante o home.</li> <li>• Un 100% cree que ás artistas lles afecta a beleza para a fama.</li> <li>• Un 100% nunca escoita música galega.</li> <li>• Un 100% escoita música galega en feminino cando a escoita.</li> <li>• Un 100% responderíalle en galego a alguén que fale castelán e entenda o galego.</li> <li>• Un 75% cree que todas as persoas somos iguais.</li> <li>• Un 50% acudiría antes a un concerto galego que alemán.</li> <li>• Un 50% cree que escribir en galego perxudica á fama.</li> <li>• Un 75% prefire a voz dunha muller.</li> <li>• Opinión sobre os músicos galegos que renuncian ao seu idioma pola fama:</li> </ul> <table border="1"> <tr><td>Dá igual ser famoso ou non.</td></tr> <tr><td>Non opino.</td></tr> <tr><td>Non lles importa ser famosos.</td></tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% cree que non hai un tipo de instrumento característico para cada sexo.</li> <li>• Idioma; fronteira para a música?</li> </ul> <table border="1"> <tr><td>Non, porque non ten nada que ver.</td></tr> <tr><td>Non, dá igual o idioma se é unha boa canción.</td></tr> <tr><td>Non, a música pódese cantar en calqueira idioma.</td></tr> <tr><td>Non, porque cada un escoita o que quere.</td></tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A cantante galega máis coñecida é Sés.</li> <li>• Un 50% asocia música galega con música tradicional.</li> <li>• Un 100% non sabe o que significa feminismo.</li> <li>• Opinión sobre a música galega:</li> </ul> <table border="1"> <tr><td>Está ben, pero non me gusta.</td></tr> <tr><td>Non opino.</td></tr> <tr><td>Non a escoito, non me gusta.</td></tr> </table>	Dá igual ser famoso ou non.	Non opino.	Non lles importa ser famosos.	Non, porque non ten nada que ver.	Non, dá igual o idioma se é unha boa canción.	Non, a música pódese cantar en calqueira idioma.	Non, porque cada un escoita o que quere.	Está ben, pero non me gusta.	Non opino.	Non a escoito, non me gusta.
Dá igual ser famoso ou non.											
Non opino.											
Non lles importa ser famosos.											
Non, porque non ten nada que ver.											
Non, dá igual o idioma se é unha boa canción.											
Non, a música pódese cantar en calqueira idioma.											
Non, porque cada un escoita o que quere.											
Está ben, pero non me gusta.											
Non opino.											
Non a escoito, non me gusta.											

<p><b>2º ESO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% cre que o home está sobrevalorado sobre a muller en todos os campos.</li> <li>• Un 100% nunca escoita música galega.</li> <li>• Un 100% cre que ás artistas lles afecta a beleza para a fama.</li> <li>• Un 100% escoita música galega en feminino cando a escoita.</li> <li>• Un 100% responderíalle en galego a alguén que fale castelán e entenda o galego.</li> <li>• Un 100% cree que todas as persoas somos iguais.</li> <li>• Un 100% non escollería entre un concerto galego que alemán.</li> <li>• Que aporta a música galega que non aporte a inglesa?</li> </ul> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Non che sei.</div> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% cree que escribir en galego axuda á fama.</li> <li>• Un 100% é-lle indiferente de donde proveña a voz.</li> <li>• Opinión sobre os músicos galegos que renuncian ao seu idioma pola fama:</li> </ul> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Que fagan o que queiran. (Ej.: Lucía Pérez)</div> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% cree que non hai un tipo de instrumento característico para cada sexo.</li> <li>• Idioma; fronteira para a música?</li> </ul> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Non.</div> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As cantantes galegas máis coñecidas son Pili Pampín e Lucía Pérez.</li> <li>• Un 100% relaciona música galega con música tradicional.</li> <li>• Un 100% non sabe o que significa feminismo.</li> <li>• Opinión sobre a música galega:</li> </ul> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Non sei, non a escuto.</div>
<p><b>3º ESO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 70% cre que o home esta sobrevalorado sobre a muller en todos os campos.</li> <li>• Un 90% cre que ás artistas lles afecta a beleza para a fama.</li> <li>• Un 40% escoita música galega unha vez ao mes.</li> <li>• Un 45% escoita música galega en feminino cando a escoita.</li> <li>• Un 60% responderíalle en galego a alguén que fale castelán e entenda o galego.</li> <li>• Un 70% cree que todas as persoas somos iguais.</li> <li>• Un 80% acudiría antes a un concerto galego que alemán.</li> <li>• Que aporta a música galega que non aporte a inglesa?</li> </ul> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Nada.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Eu creo que nada que outras non aporten.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Que a entendes.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Sentimentos.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Tradición e idioma.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Sentimentos.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Que a podes entender.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Que podes chegar a entendela perfectamente.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Que son moi diferentes.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">O teu idioma.</div> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 50% cre que escribir en galego axuda á fama.</li> <li>• Un 54% é-lle indiferente de donde proveña a voz.</li> <li>• Opinión sobre os músicos galegos que renuncian ao seu idioma pola fama:</li> </ul> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Non sei.</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">Son un pouco ignorantes, pero cada un fai o que quere.</div>

	Uns ignorantes.
	Nada.
	Que son uns desagradecidos.
	Tontos perdidos.
	Uns ignorantes.
	Son bobos e desagradecidos.
	Teñen a súa opinión.
	Que son listos.
	Que se moven pola fama.
	Non sei.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% cree que non hai un tipo de instrumento característico para cada sexo.</li> <li>• Idioma; fronteira para a música?</li> </ul>
	Non, aínda que non entendas ben.
	Non.
	Non.
	Non.
	Si.
	Non.
	Non, pódese representar internacionalmente.
	Non.
	Non.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As cantantes galegas máis coñecidas con 10 votos cada unha son Sés, Pili Pampín e Rosa Cedrón, sendo a segunda Lucía Pérez con 9 votos.</li> <li>• Un 66% relaciona música galega con música tradicional.</li> <li>• Un 66% sabe o verdadeiro significado de feminismo.</li> <li>• Opinión sobre a música galega:</li> </ul>
	É moi bonita e tradicional.
	Moi bonita e alegre.
	Moi boa.
	Moi bonita.
	Moi tranquila e tradicional.
	Bonita e alegre, e hai moitos tipos.
	Non me gusta escoitala.
	Moi bonita.
	Moi bonita.
	Moi tranquila.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 83% cre que o home está sobrevalorado sobre a muller en todos os campos.</li> <li>• Un 75% cre que ás artistas lles afecta a beleza á hora de ter fama.</li> <li>• Un 66,7% escoita música galega unha vez ao mes.</li> <li>• Un 50% escoita música galega dun home.</li> <li>• Un 60% responderíalle en castelán a alguén que fale castelán e entenda o galego.</li> <li>• Un 100% cree que todas as persoas somos iguais.</li> <li>• Un 80% acudiría antes a un concerto galego que alemán.</li> <li>• Que aporta a música galega que non aporte a inglesa?</li> </ul>
	Que se entende.
	Cultura.
	Creatividade.

Son diferentes.
Que se pode entender.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 50% cree que escribir en galego perxudica á fama.</li> <li>• Un 40% prefire a voz dunha muller ante a dun home.</li> <li>• Opinión sobre os músicos galegos que renuncian ao seu idioma pola fama:</li> </ul>
Non fixeron nada ben.
Que deberían representar a súa propia lingua.
Mal.
Que son tontos.
O galego non é tan coñecido.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un 100% cree que non hai un tipo de instrumento característico para cada sexo.</li> <li>• Idioma; fronteira para a música?</li> </ul>
Non, cada artista é libre de cantar no idioma que queira.
Si, porque pensan que é peor sólo polo idioma.
Non.
Si, porque hai idiomas pouco valorados.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A cantante galega máis coñecida é Pili Pampín, sendo a segunda Sés.</li> <li>• Un 75% relaciona música galega con música tradicional.</li> <li>• Un 100% sabe o significado de feminismo.</li> <li>• Opinión sobre a música galega:</li> </ul>
A música tradicional galega é moi bonita, pero noutros tipos de música non me gustan.
Non é a miña favorita, pero gústame moito.
Gústame moito.
Non a escoito.

Entre os **adultos** observamos moita diferenza entre uns e outros, sobre todo no que é escoitar música galega e coñecela, algúns coñecen moitos grupos e cantantes e escoitana habitualmente mentres que outros non coñecen a case ningunha cantante galega, ou a nengunha, e recoñecen que non escoitan habitualmente música galega. A maioría si ten claro o que é feminismo e opinan que a música non ten nacionalidade e escoitan indistintamente a voz dun home ou dunha muller. Dos que citan cantantes galegas mulleres citan a : Mercedes Peón, Susana Seivane, Cristina Pato, Rosa Cedrón, Lucía Pérez, Uxía, Sés...É curioso que, os que escoitan música galega citan máis de cinco, e outros ningunha, é raro o que cita un ou dúas...

# CONCLUSIÓN

Con este traballo chegamos a diversas conclusións que explicaremos a continuación.

Aínda que o panorama galego está sufrindo unha crise e unha forte revolución cultural, e aínda que sexan as mulleres as que están sufrindo maiormente as consecuencias, todas estas que nomeamos anteriormente, nunca se renderon, e seguen intentando normalizar o idioma e a cultura, loitando e cravando a espiña en todos os que escoitan a súa música e parte da súa vida, e da súa loita continua por este país, aínda que algunha das nomeadas, como é o caso de Ana Kiro, xa non está con nós. Ela, que foi un dos primeiros referentes que tivo a música galega fóra das nosas fronteiras, non esqueceu nunca a súa terra e aos emigrantes que, como ela, tiñan morriña das súas raíces, do seu galego, e da súa Galicia.

A maioría da poboación xoven do país, relaciona música galega con música tradicional, e non sabe o verdadeiro significado do feminismo, nin o porque da loita das mulleres cara ao machismo ao que estamos sometidas cada día, por mala sorte. Ademais, a educación actual non está axudando a que isto mude.

Gustaríanos agradecer a todas as persoas que nos apoiaron e fixeron posible este traballo, tanto directa como indirectamente. Sobre todo, ás artistas que nos brindaron un anaco dos seus pensamentos e do seu tempo para demostrarlle ao mundo que o galego non é para nada unha lingua morta, nin a música galega está no esquecemento das muiñeiras. Por outra parte, agradecerlle á profesora que levou a cabo connosco este traballo, pois sen a súa axuda e o seu apoio, todo isto non sería posible. Moitas grazas a tod@s.

# BIBLIOGRAFÍA

- Lucía Pérez. ([www.wikipedia.com](http://www.wikipedia.com)) ([www.luciaperez.net](http://www.luciaperez.net)) ([facebook.com/lucia.perez.oficial](https://facebook.com/lucia.perez.oficial))
- Uxía Pedreira. ([www.letras.com](http://www.letras.com)) ([images.google.com](https://images.google.com)) ([www.wikipedia.com](http://www.wikipedia.com))
- Leilías. ([leilia.net](http://leilia.net)) ([images.google.com](https://images.google.com)) ([www.albumcancionyletra.com](http://www.albumcancionyletra.com)) ([images.google.com](https://images.google.com))
- Guadi Galego. ([images.google.com](https://images.google.com)) (<http://gl.wikipedia.org/wiki/Berrog%C3%BCetto>) (<http://www.soloexitos.es/artista-guadi-galego.html>) (<http://www.folmusica.com/gl/artista/guadi-galego/>) ([http://elpais.com/diario/2009/05/21/galicia/1242901101\\_850215.html](http://elpais.com/diario/2009/05/21/galicia/1242901101_850215.html))
- Mercedes Peón. ([www.wikipedia.com](http://www.wikipedia.com)) ([www.mercedespeon.es](http://www.mercedespeon.es)) ([www.letras.com](http://www.letras.com))
- Susana Seivane. ([www.susanaseivane.net](http://www.susanaseivane.net)) ([www.youtube.com](http://www.youtube.com)) ([www.musixmatch.com](http://www.musixmatch.com))
- Uxía Senlle. ([www.galegomadrid.blogaliza.org](http://www.galegomadrid.blogaliza.org)) ([images.google.com](https://images.google.com))
- Rosa Cedrón. ([www.rosacedron.com](http://www.rosacedron.com)) ([images.google.com](https://images.google.com)) ([www.letras.com](http://www.letras.com))
- Pili Pampín. ([www.noticieirogalego.com](http://www.noticieirogalego.com)) (iTunes)
- Ana Kiro. ([www.wikipedia.com](http://www.wikipedia.com)) ([images.google.com](https://images.google.com)) ([www.tatianamusic.com](http://www.tatianamusic.com))
- Sés. ([www.wikipedia.com](http://www.wikipedia.com)) ([images.google.com](https://images.google.com)) ([www.musica.com](http://www.musica.com)) (<https://www.youtube.com/watch?v=9qvSk7ukcKc>)
- Luz Casal. ([www.wikipedia.com](http://www.wikipedia.com)) ([images.google.com](https://images.google.com)) ([www.música.com](http://www.música.com))
- Najla Shami. ([www.najlashami.com](http://www.najlashami.com)) (<https://www.youtube.com/watch?v=WvULJlwZxuM>)
- Malvela. (<http://gl.wikipedia.org/wiki/Malvela>) (<http://www.malvela.eu/>)

**Autoras del trabajo:**

**Belén Corbelle Rodríguez**

**Andrea Varela Díaz**